

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO DO CURSO ACADÉMICO 2018/2019

EN DEFENSA DA (DES)IGUALDADE: O PENSAMENTO MISÓXINO DA ILUSTRACIÓN E
OS SEUS ECOS NA ACTUALIDADE

EN DEFENSA DE LA (DES)IGUALDAD: EL PENSAMIENTO MISÓGINO DE LA
ILUSTRACIÓN Y SUS ECOS EN LA ACTUALIDAD

IN DEFENSE OF (IN)EQUALITY: THE MISOGYNISTIC THOUGHT OF THE
ENLIGHTENMENT AND ITS ECHOES TODAY



Adrián Soto González

Titora Académica: Cathryn Teasley Severino

Convocatoria de xuño de 2019

Índice

Resumo	3
1. Introducción.....	6
1.1. Obxectivos.....	7
1.2. Xustificación da temática	8
1.3. Hipóteses.....	9
2. Metodoloxía para a análise	9
2.1. Marco analítico	10
2.1.1. Do mandato divino ao mandato da evolución	10
2.1.2. Cando o patriarcado coñeceu ao capitalismo.....	13
3. O discurso misóxino dende a Ilustración.....	17
3.1. En defensa da (des)igualdade	17
3.2. Sofía, a muller ideal de Rousseau.....	18
3.3. A misoxinia romántica.....	20
3.4. Evolutivamente inferiores.....	22
4. O discurso da misoxinia na actualidade	24
4.1. Os seus portavoces	25
4.2. A cara moderada do esencialismo: Steven Pinker	25
4.3. A defensora da diferenza: Susan Pinker	26
4.4. O custodio do patriarcado: Jordan B. Peterson.....	27
5. Os eixos do novo discurso	28
5.1. A desigualdade, algo natural.....	28
5.2. A masculinidade, en perigo.....	32
5.3. En defensa do <i>status quo</i>	34
5.4. Psicoloxía e neoliberalismo.....	36
6. Reflexións finais.....	40
7. Referencias bibliográficas	44

Resumo

No presente traballo realízase unha análise crítica do rexurdir en certas esferas intelectuais dun discurso esencialista e naturalizador do xénero. Na primeira metade, e tomando como punto de partida a Ilustración, afóndase nas características e motivacións que se atopan detrás da visión esencialista da muller e do seu rol na sociedade, en cales son os principios nos que se sustenta, así como nas súas propostas de cara á organización social. Obtense deste xeito unha imaxe definida da evolución desta perspectiva, incluíndo os seus momentos de maior ou menor relevancia a nivel social e intelectual, ata chegar ao momento actual.

A segunda parte e final correspóndese co estudo e coa crítica das ideas manexadas polos representantes máis destacados desta tendencia esencialista na actualidade, da súa relación co feminismo, coa reacción patriarcal e co capitalismo neoliberal. Expóñense as características que fan diferente este discurso fronte aos seus antecesores ilustrados, así como as posibles causas da súa reaparición no contexto actual e o impacto que pode chegar a ter a nivel político e socioeconómico. Todo iso se fai prestando especial atención aos supostos coñecementos científicos e realidades nas que se apoian as afirmacións realizadas polos expertos que defenden a existencia de diferenzas de comportamento e motivacións de carácter natural entre mulleres e homes.

Palabras Chave

Xénero, esencialismo, patriarcado, reacción, feminismo, historia.

Resumen

En el presente trabajo se realiza un análisis crítico del resurgir en ciertas esferas intelectuales de un discurso esencialista y naturalizador del género. En la primera mitad, y tomando como punto de partida la Ilustración, se profundiza en las características y motivaciones que se encuentran detrás de la visión esencialista de la mujer y su rol en la sociedad, cuáles son los principios en los que se sustenta, así como sus propuestas de cara a la organización social. Se obtiene de esta forma una imagen definida de la evolución de esta perspectiva, incluyendo sus momentos de mayor o menor relevancia a nivel social, hasta llegar al momento actual.

La segunda parte y final, se corresponde con el estudio y crítica de las ideas manejadas por los representantes más destacados de esta tendencia esencialista en la actualidad, su relación con el feminismo, la actual reacción patriarcal y el capitalismo neoliberal. Se exponen las características que hacen diferente a este discurso frente a sus antecesores ilustrados, las posibles causas de su reaparición en el contexto actual y el impacto que puede llegar a tener a nivel político y socioeconómico. Todo esto se hace prestando especial atención a los supuestos conocimientos científicos y realidades en las que se apoyan las afirmaciones realizadas por los expertos que defienden la existencia de diferencias de comportamiento y motivación de carácter natural entre mujeres y hombres.

Palabras Clave

Género, esencialismo, patriarcado, reacción, feminismo, historia.

Abstract

In the present work we carry out a critical analysis of the resurgence in certain intellectual spheres of an essentialist and naturalizing discourse of gender. In the first half, and taking the Enlightenment as a starting point, we delve into the characteristics and motivations that lie behind the essentialist vision of women and their role in society, which are the principles on which it is based, as well as its proposals for social organization. We obtain in this way a definite image of the evolution of this perspective, including its moments of greater or lesser relevance at the social level, until arriving at the current moment.

The second and final part corresponds to the study and critique of the ideas handled by the most outstanding representatives of this essentialist tendency at the moment, their relationship with feminism, and the current patriarchal reaction under neoliberal capitalism. The characteristics that make this discourse different from its enlightened predecessors, the possible causes of its reappearance in the current context and the impact it may have on a political and socioeconomic level are exposed. We do all this by paying special attention to the supposed scientific knowledge and realities on which the statements made by experts who defend the existence of behavioural and motivational differences of a natural nature between women and men are supported.

Key Words

Gender, essentialism, patriarchy, reaction, feminism, history.

1. Introducción

As manifestacións da misoxinia adoitan asociarse con actitudes de odio e desprezo cara as mulleres, mais tamén é preciso ter en conta as actitudes paternalistas, a negación da desigualdade ou a esencialización á hora de interpretar e representar os caracteres, os comportamentos, as actitudes e, en xeral, as identidades das mulleres. Estes elementos, tal e como sinalan Ferrer e Bosch (2000), supoñen a cara “amable” da misoxinia, difíciles de identificar pola sutileza da súa elaboración e a misoxinia interiorizada na sociedade, mais que redundan na inferiorización e discriminación das mulleres de forma insidiosa.

Neste senso, a discusión arredor das diferenzas existentes entre homes e mulleres é un debate que se perde no tempo. Dende as reflexións dos filósofos da Antigüidade ata os tempos modernos, numerosos intelectuais teñen teorizado, cando non realizado afirmacións categóricas, sobre a existencia de diferenzas intrínsecas e naturais da muller con respecto ao home. É importante sinalar, así mesmo, que a referencia ou modelo a tomar historicamente foi o varón, entendido como superior á muller que debe subordinarse a el, mesmo polo seu propio ben, partindo dun punto de vista claramente misóxino.

Atendendo a estas supostas diferenzas de carácter psicolóxico e de motivacións, ocasionadas por esa particular “natureza feminina”, estes pensadores pretenden dar unha explicación definitiva a por que as mulleres teñen determinados comportamentos; por que se deciden por determinadas labores; ou como se debe organizar a sociedade e que roles lles corresponden a homes e mulleres a causa da súa diferente natureza.

Neste traballo, que se divide en dúas partes claramente diferenciadas mais relacionadas entre si, analízase a evolución sufrida polo discurso misóxino dende a Ilustración ata os nosos días. A escolla deste momento para iniciar o estudo ven dada pola influencia que tiveron as ideas ilustradas na pretendida racionalización e sustentación científica desta visión natural das desigualdades entre mulleres e homes, cuxas pegadas chegan ata os nosos días.

Para analizar con maior claridade cales son as características deste discurso, en ámbalas dúas partes apóiome nos escritos e nas declaracións dalgúns dos máis relevantes persoeiros que defenderon ou están a defender este discurso da diferenza, valéndome das reaccións que levantaron as súas verbas entre algunhas coetáneas, que rebateron os argumentos esgrimidos por estes pensadores esencialistas.

Deste xeito, na primeira parte do traballo introduzo as diferentes fases que experimentou o esencialismo de xénero dende a Ilustración: a primeira etapa ilustrada (século XVIII),

exemplificada por Rousseau e a súa idea de Emilio, o cidadán ideal ao cal debe acompañar a súa esposa ideal, Sofía, que foi duramente contestado pola inglesa Mary Wollstonecraft; a romantización da idea da muller fráxil durante a época vitoriana (século XIX), e a contestación de Stuart Mill fronte ao retorno dunha visión irracional e anti-científica da muller; e finalmente a inferioridade da muller defendida por Darwin e Spencer, baseándose en "criterios" evolutivos (segunda metade do século XIX).

Na segunda metade paso a centrarme no momento actual, expoñendo e analizando as diferenzas que presenta o discurso da diferenza a día de hoxe a través das obras e opinións de tres dos máis notorios voceiros destas ideas: o tridente formado polos psicólogos canadenses Steven Pinker, Susan Pinker e Jordan Peterson. A análise da relación entre a re-naturalización do xénero e a dupla estrutura patriarcado-capitalismo (a coalición do patriarcado e o capitalismo) ten un papel central á hora de afondar nas novidades que presentan as ideas esencialistas, e como estas serven de apoio teórico cunha aparencia neutral e científica á actual reacción patriarcal, fronte ás transformacións propiciadas polo movemento feminista. Recorro tamén á comparación entre este novo discurso e os seus predecesores, para estudar ata que punto as diferenzas entre eles son profundas, ou o son de carácter meramente formal.

1.1. Obxectivos

O **principal obxectivo** que me propoño neste traballo é o de **analizar criticamente a evolución do discurso misóxico naturalizador do xénero dende a Ilustración ata a actualidade**. Mediante a realización dunha cronoloxía que plasma a evolución sufrida polo discurso da misoxinia, amosando os seus fundamentos, características e principais representantes, realizo unha análise crítica de todos estes elementos, acadando unha serie de obxectivos específicos, detallados a continuación, que me permiten afondar en diversos aspectos procedentes do devandito obxectivo principal.

En primeiro lugar, procurarei **expor a falta de base científica** que historicamente acompaña ao discurso esencialista, para o cal sívome da contestación que esta visión da natureza da muller recibiu por parte de destacados intelectuais nas súas diferentes manifestacións, particularmente no que se refire a criterios epistemolóxicos pretendidamente científicos.

A continuación paso a **achegar ás posibles causas de que un discurso misóxico se atope a día de hoxe no centro da palestra**, mergullándome para iso no contexto actual, os cambios sociais que veñen acontecendo no último medio século a causa das reivindicacións feministas e a reacción patriarcal que se desencadeou en consecuencia.

A conxugación dos obxectivos anteriores permite cubrir os derradeiros obxectivos do traballo. Por unha banda, **estudar e expor os aspectos clave que diferencian o actual discurso esencialista dos seus predecesores**, actualizándoo e dándolle unha patina científica; e pola outra, **analizar a posible relación entre o rexurdimento destas posturas esencialistas co auxe e expansión do capitalismo neoliberal**, sendo un posible apoio para lexitimar a desigualdade existente en base a causas naturais.

1.2. Xustificación da temática

Este traballo xorde da vontade de dar resposta a unha pregunta: como é posible que a día de hoxe estea en auxe un discurso esencialista do xénero de raíz bioloxicista que nos retrotrae ao século XVIII? Podería soar alarmista ou esaxerado dar tal importancia ás ideas duns académicos enfadados con un mundo cambiante que non comprenden e desexan manter no *status quo* que máis lles favorece. Se cadra hai unhas décadas se podería cualificar de desmedida a preocupación que amosa a miña pregunta, mais a día de hoxe, coa crecente dureza que está a cobrar o discurso anti-feminista e o xiro cara a posicións ideolóxicas conservadoras que está a ter lugar en gobernos de Norte América e Europa, a importancia destes intelectuais e a base teórica e “científica” que pretenden aportar aos defensores da diferenza é crucial para entender como se está a artellar a actual reacción patriarcal.

Considero preciso analizar a mensaxe que estes voceiros da diferenza están a espallar, e amosar cal é o obxectivo que se agocha detrás dun discurso pretendidamente neutral, científico e defensor da igualdade, mais que se basea en gran medida nas mesmas ideas misóxinas defendidas polos pensadores da Ilustración e posteriores, cuns toques de libre elección e individualidade neoliberal por aquí e unha presa de xustificación da desigualdade dentro dun sistema socioeconómico capitalista por acolá.

E é que esta mensaxe está a chegar a cada vez máis xente, particularmente a través das redes sociais e medios de difusión dixital. Algúns destes divulgadores teñen millóns de visitas e subscritores en plataformas como YouTube, chegando a darse o caso de seguidores destacados que crean as súas canles para difundir estas ideas nos seus respectivos países. Algúns deles mesmo se gañan a vida a través das achegas periódicas que realizan os seus seguidores para que continúen co seu labor de divulgación.

Tendo á miña disposición as ferramentas, e coido que a capacidade de cando menos realizar unha análise exploratoria deste novo discurso misóxino, non podo senón facer o posible por desartellar a mensaxe que se nos pretende transmitir por parte dalgúns intelectuais de que a

desigualdade é natural, mentres se aproveitan da cobertura que da o seu status como científicos para defender a súa visión de como debe ser a sociedade.

1.3. Hipóteses

Á hora de realizar este traballo, e a pesar de que se trata basicamente dunha revisión documental crítica, traballo cunha serie de hipóteses que serven de guía para o seu desenvolvemento. As hipóteses son as que seguen:

- Existe un discurso naturalizador do xénero que atravesa o pensamento ilustrado, e que se apoia en prexuízos e razoamentos pseudo-científicos.
- Está a cobrar relevancia unha visión esencialista do xénero actualizada, que se apoia en determinadas polas da ciencia.
- A reaparición deste discurso débese ao fortalecemento da reacción patriarcal contra os avances acadados polo feminismo dende os anos 60 do século XX.
- Dáse unha alianza entre patriarcado e neoliberalismo que fomenta a chegada ao gran público dun discurso que xustifica a desigualdade cunha base de aparencia científica.

2. Metodoloxía para a análise

Dado o carácter teórico desta investigación, o método escollido para a súa realización non podía ser outro que a revisión documental, centrándome particularmente no período que vai dende mediados do século XVIII co inicio da Ilustración, pasando polo Romanticismo do século XIX e o evolucionismo social desenvolvido a finais de dito século, ata chegar finalmente ao presente.

Á hora de escoller as obras e traballos a analizar, e ante a abundancia de literatura ao respecto, por motivos de extensión e claridade, opto por escoller unha serie de autores representativos de cada época ou fase polas que pasou o discurso a analizar. Todos estes autores teñen a característica compartida de ter sido grandes intelectuais, cun gran impacto na sociedade e na produción de coñecemento ata o día de hoxe. Así mesmo, todos eles foron contestados e os seus postulados duramente criticados por outros intelectuais e persoeiros públicos de non menor calado. Desta forma, a través da análise das teses e contra-teses destes pensadores, fiadas a través da miña análise e narración, obtense unha visión panorámica da importancia desta discusión no transcurso dos últimos trescentos anos.

No que se refire ao criterio empregado para seleccionar aos autores contemporáneos, diferénciase dos anteriores en que non se pode calibrar a súa importancia a longo prazo como

no caso dos pensadores pasados. Non obstante, teño en conta á hora de escollelos a súa relevancia e prestixio en círculos académicos, a influencia que están a ter os seus postulados na política a nivel mundial, así como a súa capacidade de chegada a amplos sectores da poboación a través da rede e das súas obras. Segundo van Dijk (2000), estas características os sitúan nunha posición de poder dende a cal poden manipular a un grupo social, neste caso os homes, a través por exemplo do reforzo positivo do grupo (homes) e a descualificación do que se presenta como contrario (o feminismo) (van Dijk, 1996; 2006).

Coa análise das súas obras e intervencións busco identificar os principais eixos arredor dos cales xira o seu discurso, realizando unha análise crítica deste (van Dijk, 2001) mediante a comparación da súa mensaxe e forma co discurso esencialista do xénero xurdido tras a Ilustración, estudando os seus novos argumentos e presentación, así como o sistema de valores que se atopa baixo a súa superficie (van Dijk, 1996).

2.1. Marco analítico

2.1.1. Do mandato divino ao mandato da evolución

“Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos”. Así reza o primeiro artigo da *Declaración de Derechos del Hombre y el Ciudadano* de 1789. Nesta curta frase recóllense as dúas ideas principais que constitúen o corazón da Ilustración e que inspiraron ás revolucións do século XVIII en Occidente: liberdade e igualdade. Tal e como enunciou Rousseau en *El contrato social*: “Si se indaga en que consiste el bien más preciado de todos, que ha de ser objeto de toda legislación, se encontrará que todo se reduce a dos cuestiones principales: la libertad y la igualdad, sin la cual la libertad no puede existir” (1762/2007, p. 80).

Mais a pesar da aparente defensa da igualdade e da liberdade deste documento pioneiro en materia de dereitos humanos, non podemos evitar centrar a nosa atención nunha ausencia, ou mellor dito, unha omisión, dado o seu carácter abertamente intencional. A *Declaración de dereitos do Home e o Ciudadán* fala de homes, non de seres humanos, e non se trata do manido argumento de que se emprega o termo “home” como sinónimo de humano. Cando falamos de dereitos e deberes no contexto das revolucións ilustradas, os suxeitos de ditos dereitos son exclusivamente os homes.

A discusión arredor do uso da linguaxe e o significado que carrega o emprego dun determinado termo ou xénero gramatical está á orde do día, e protagoniza sonadas polémicas. Non obstante, non se trata de que esteamos a valorar a linguaxe empregada nun documento do século XVIII dende un punto de vista erróneo, descontextualizándoo e analizándoo dende un prisma actual. O feito de que declaracións de dereitos como a anterior

ignoraban deliberadamente á metade da poboación foi recoñecido e denunciado no mesmo momento en que ditos documentos viron a luz por vez primeira.

Deste xeito e de forma paralela ao desenvolvemento do parlamentarismo e a extensión dos dereitos e deberes da cidadanía a cada vez máis homes, erguéronse voces de mulleres que denunciaban a hipocrisía que supuña defender a igualdade entre os homes, ao tempo que se lle negaba a condición de cidadás á metade da poboación en base ao seu sexo e a unha serie de prexuízos asociados coa natureza das mulleres. Así, dous anos despois e en resposta á *Declaración de Derechos del hombre y del Ciudadano*, Olympe de Gouges redacta a *Declaración de Derechos de la mujer y la ciudadana* (1791), e aparecen unha serie de reivindicacións que “interpelan al opresor con los términos denostativos que éste –en el caso que nos ocupa, los varones revolucionarios– empleaba para deslegitimar e irracionalizar el poder de los estamentos dominantes de *l’Ancien Régime*” (Amorós e Cobo, 2005, p. 123).

A misoxinia que se ocultaba tralo discurso igualitario dos principais pensadores ilustrados, se ben se nutre dos mesmos prexuízos que historicamente se asocian co sexo feminino, pretendía afastarse de mitos e supersticións. O cuestionamento feito a ditas costumes, consideradas unha eiva para o progreso da humanidade, significaba que os ilustrados xa non podían recorrer ás fontes da tradición cristiá, a muller como “porta do Diaño” ou creada a partir do home (Bosch, Ferrer e Gili, 1999).

En troques, a discriminación da muller susténtase nunha suposta falta de capacidade de raciocinio, calidade que non posúe dada a súa particular natureza diferente á do home, que si o dota desta capacidade: “Cuando la mujer se queja de la injusta desigualdad en que le ha puesto el hombre, comete un error; esta desigualdad no es una institución humana, o al menos no es obra del prejuicio, sino de la razón” (Rousseau, 1762/1973, p. 488).

Mais cal é a orixe deste argumentario que vira arredor da idea da razón? Se nos retrotraemos dous séculos antes da Ilustración, podemos atopar exemplos do debate existente entre persoeiros da Baixa Idade Media que discuten arredor da posesión da razón por parte das mulleres. Pódese apreciar a introdución desta discusión na obra de Christine de Pizan *La ciudad de las damas* (1405). Nela a propia autora narra o momento no que se ve abocada a aceptar a inevitabilidade do seu destino en canto que muller e recibe a visita da Razón, que lle recorda a súa capacidade de raciocinio, capacidade que posúen tanto homes como mulleres (Amorós e Cobo, 2005).

Esta liña de argumentación, segundo a cal a muller en canto que posuidora da razón tanto como o home sería a súa igual, buscaría ir máis aló da visión que da muller se da na tradición hebrea e cristiá, isto é, a muller como subordinada e inferior ao home pola súa natureza, un mero complemento de este (Madrid, 1999), xa que “[...] no procede el varón de la mujer, sino

la mujer del varón. Pues tampoco el varón fue creado para la mujer, sino la mujer para el varón” (Cor 11: 8-9, Conferencia Episcopal Española, 2010); e sendo castigada pola súa perversión: “A la mujer le dijo: Mucho te haré sufrir en tu preñez, parirás hijos con dolor, tendrás ansia de tu marido, y él te dominará” (Gén 3:16, Conferencia Episcopal Española, 2010).

Deste xeito, pretendíase desprazar o lugar do debate, afastándose do campo da relixión para que pase a ser unha cuestión de raciocinio. Este feito non se pode apreciar na obra de Christine de Pizan, que se ben reivindica a posesión do raciocinio por parte das mulleres, non chega a cuestionar a sociedade estamental do seu tempo, traballando cunha lóxica da excepción, segundo a cal as mulleres posúen a capacidade de aprender, outorgada por Deus, máis ao mesmo tempo entende que cada un ocupa o lugar que lle corresponde de forma natural (Amorós e Cobo, 2005). O caso de Christine de Pizan, polo tanto, non pretende ser extensible nin servir de exemplo para que o sigan outras mulleres ou reivindicar o acceso ao coñecemento por parte destas (Amorós e Cobo, 2005).

Mais as reivindicacións de igualdade entre os sexos e as denuncias da discriminación que sofre a muller comezarán a desenvolverse plenamente a raíz da universalización do suxeito do coñecemento defendida polo filósofo Descartes (Amorós e Cobo, 2005), en particular por voz do seu discípulo François Poullain de la Barre. Será este autor e filósofo francés quen, a través de obras como *De la Igualdad de los Dos Sexos* (1673) y *De la Educación de las Damas* (1674), poña sobre o taboleiro a cuestión da irracionalidade patente na discriminación e inferiorización das mulleres, os prexuízos e intereses que xustifican esta situación e a reivindicación da igualdade como unha cuestión moral e social (de la Barre, 1674/1993). A obra de Poullain de la Barre é unha denuncia constante dos prexuízos que rodean ás mulleres, dando particular importancia ao papel que xoga a educación recibida na formación do carácter e o comportamento, e a relevancia da lei do máis forte á hora de determinar o lugar que ocupan as mulleres na sociedade (Amorós, 1993; Amorós e Cobo, 2005), marcando a liña seguida posteriormente por pensadoras como Mary Wollstonecraft ou John Stuart Mill.

As ideas defendidas por Poullain de la Barre serán obxecto da contestación, aínda que sen ser mencionado, por parte de Jean-Jacques Rousseau (Amorós, 1993), que tan ben serve de representante do discurso misóxino de orixe ilustrada. Como expoño máis adiante no traballo, a maior parte dos pensadores e dos persoeiros ilustrados teñen bastante claro cal debe ser o lugar que ocupe a muller na súa sociedade ideal, e iso se é que tan sequera se molestan en pensar na muller.

O discurso misóxino ilustrado suporá un cambio na liña da argumentación que defendía a situación de subordinación da muller ao home en base a mandatos divinos ou ás

supersticións, aspectos alleos á razón e que as ideas ilustradas pretendían deixar atrás (Kant, 1784/2013). Comezaría deste xeito un discurso que pretendía racionalizar a inferioridade da muller, pasando da xustificación polas costumes á explicación pola características naturais innatas, e do mandato divino de someterse ao home á complementariedade entre os dous sexos (Amorós, 1990). O discurso da misoxinia afástase deste xeito da ata o momento predominante tradición hebrea, a favor dunha visión máis aristotélica, segundo a cal a muller é inferior non por mandato divino, senón pola súa natureza diferente á do home (Bosch et al., 1999).

Outra das características máis destacadas desta nova forma de misoxinia foi a súa extensión entre a poboación. En tanto que un dos obxectivos da Ilustración era dar a luz un home novo, o cidadán, a formación e educación das masas nos principios ilustrados era unha das principais preocupacións dos pensadores ilustrados (Varela, 1988; Amorós, 1990). Esta universalización da educación trouxo consigo o espallamento da idea que os ilustrados tiñan da muller, a súa natureza e rol social, facilitando o seu arraigo en todas as capas da sociedade (Ortega, 1988), algo impensable ata daquela dadas as características da sociedade previa (analfabetismo xeneralizado, educación exclusiva, falta de medios de difusión...).

Este discurso laudatorio da desigualdade foi evolucionando co paso do tempo, e das contestacións que recibía por parte das defensoras da igualdade, sucedéndose diversas etapas con características propias, tales como a obxectivación e idealización da muller como un ser feble e sensual propia do Romanticismo; ou a visión evolucionista, segundo a cal a muller tería evolucionado de forma diferente ao home para adaptarse a unhas determinadas funcións, co cal o lugar que ocupaba na sociedade viña dado por esas particulares características.

2.1.2. Cando o patriarcado coñeceu ao capitalismo

A priori daría a impresión de que este tipo de discursos misóxinicos distan moito de continuar vixentes na actualidade, representando unha visión esencialista da muller que fai moito que se superou. A conceptualización do xénero e as súas implicacións para a construción social das mulleres ou a identificación do patriarcado e os seus mecanismos de control terían contribuído a desmontar a visión esencialista da muller amosando a importancia que teñen a educación e a socialización na forma en que se constrúe a dicotomía entre mulleres e homes.

Mais a día de hoxe estamos asistindo a un rexurdimento destas ideas que semellaban deslexitimadas por completo. A mensaxe non é tan explícita como a expresada por Rousseau: non se fala de predestinación, senón de tendencia ou preferencias; a naturalidade de certos comportamentos é substituída por trazos da personalidade máis desenvolvidos en función do

sexo; recoñécese o papel do xénero, mais non ten máis influencia que outros factores determinantes do comportamento, que se entenden como naturais e alleos a el (Crompton e Lyonette, 2005).

Este aparentemente novo discurso, que di desexar a igualdade mais recoñecendo a inevitabilidade de certas diferencias, vén acompañado de elementos clásicos da xustificación patriarcal para a suxeición das mulleres ao control dos homes: a necesidade do acceso ás mulleres para conter os impulsos agresivos e sexuais dos homes; a reivindicación da masculinidade e dos valores tradicionalmente asociados a esta; e as asociacións simbólicas de caos e orde coa muller e o home respectivamente.

E xunto a estes dous compoñentes, o renovado e o tradicional, atopamos argumento que se sustentan no pensamento neoliberal e mesmo se aproveitan de elementos da teoría feminista, manipulando a súa interpretación para apoiar os seus postulados: defensa da libre elección e do consentimento como base das relacións entre homes e mulleres; o corpo entendido como unha propiedade máis, suxeita á mercantilización pola súa posuidora; ou o empoderamento a través da asunción dos roles tradicionais asignados a mulleres e homes (Crompton e Lyonette, 2005).

A alianza entre patriarcado e o capitalismo neoliberal ven desenvolvendo nas últimas décadas un novo discurso auspiciado por certas elites intelectuais que revisten dun carácter científico e neutral (Cobo, 2011) argumentos esencialistas que xa foron respondidos e rebatidos fai máis de dous séculos, mais que xorden de novo como parte do argumentario da reacción patriarcal que estamos a vivir na actualidade, sustentándose en certas disciplinas e polas do coñecemento, como explicamos a continuación.

Un dos principais puntos que caracterizan este novo discurso é o seu pretendido carácter científico. A misoxinia manifestada nos escritos dalgúns ilustrados adxudica un carácter natural ao comportamento e rol das mulleres na sociedade, pero non aportan probas máis aló de insistir en que iso é o que fan as mulleres. Na actualidade, abundan os estudos que relacionan certas preferencias ou comportamentos co ADN, ao cal dan un papel preponderante á hora de determinar as características e comportamento das persoas por riba doutros factores, no que se deu en denominar *esencialismo xenético* (Dar-Nimrod e Heine, 2005).

Este esencialismo afecta de forma destacada á forma de concibir o xénero, sendo unha das categorías sociais que máis se relaciona con características innatas e inmutables (Haslam, Rothschild e Ernst, 2000), un prexuízo que se traslada ao campo da ciencia e se auto-certifica en estudos que atopan relación entre o sexo e as cousas máis disparatadas. É habitual que en moitos destes estudos, factores como a educación, a clase social e a cultura sexan

oportunamente obviados cando non reforzan a idea de que existe unha diferenza de preferencias e comportamento que ten a súa raíz no sexo (Crompton e Lyonette, 2005). Esta eiva dende o punto de vista epistemolóxico, serve non obstante para reforzar unha visión esencialista do xénero, que o público está máis aberto a aceptar (Dar-Nimrod e Heine, 2005).

A globalización do neoliberalismo que comentamos anteriormente está a ter un forte impacto nas disciplinas académicas, poñendo o énfase naquelas especialidades orientadas á consecución de resultados cuantificables, ao tempo que se relega á maioría das humanidades a un plano subalterno e marxinal, sen valor para o mercado (Ornelas, 2009). Mais se hai unha disciplina que se adaptou con presteza ao novo discurso capitalista, esa é a psicoloxía. Podemos tomar como exemplo desta convivencia a proliferación de novos trastornos psicolóxicos como a ansiedade social, nomeada no ano 1987 e que acadaría a día de hoxe niveis próximos á pandemia, afectando a un 13% da poboación, mentres que o seu precedente, a fobia social, non chegaba ao 3% (Horwitz, 2002). Ou ao cada vez máis estendido diagnóstico de TDAH (Trastorno por déficit de atención e hiperactividade), coa súa consecuente medicalización e tratamento, de tal xeito que se pasou dun diagnóstico que afectaba ao 6,1% dos menores estadounidenses, a diagnosticar TDHA ao 10,2% no período comprendido entre 1986 e 2016 (Xu, Strathearn, Liu, Yan e Bao, 2018).

Estas afeccións caracterízanse por ser abordadas dende un enfoque individual, alleo aos factores sociais que poden estar detrás destes supostos trastornos. Nunha sociedade neoliberal baseada na capacidade social, a seguridade nun mesmo, a exuberancia e a iniciativa, é sinxelo ver á timidez como unha problemática (Sugarman, 2015). Se a isto se lle engade o interese das farmacéuticas por comercializar novos produtos, a expansión destes novos trastornos cobra un novo cariz (Hickinbottom, 2013). Ao mesmo tempo, o desenvolvemento e expansión da psicoloxía positiva e a auto-axuda, centrada no individuo como responsable único do seu benestar e felicidade, aportou un enfoque óptimo para producir individuos de acordo co canon neoliberal. A defensa da idea de que as emocións seguen ao pensamento supón que a felicidade dependerá do esforzo individual, e dita felicidade está suxeita de ser empregada como unha ferramenta máis do “empresario”, tal e como entende ao individuo o neoliberalismo: un conxunto de habilidades e atributos que deben ser administrados e nos que invertir (Sugarman, 2015). O individuo pasa deste xeito a ser o único responsable da súa felicidade.

Mais o uso que fai o capitalismo da psicoloxía non é un fenómeno illado ou recente para esta pola da ciencia. De feito, historicamente a psicoloxía tivo e continúa a ter un importante papel á hora de soste-lo discurso misóxico. Dende os seus inicios, e lonxe do rigor metodolóxico pretendido, a psicoloxía arrastrou tras de si os mesmos vellos prexuízos sobre as mulleres

aos que se entregaron os pensadores ilustrados (Bosch et al., 1999), extrapolando de novo as diferenzas fisiolóxicas entre mulleres e homes ao campo da moralidade ou do intelecto.

O estudo destas supostas diferenzas supuxo unha das primeiras preocupacións da psicoloxía. As posturas ao respecto foron evolucionando e abordándose dende diferentes enfoques, mais sostendo sempre o feito diferencial. Dende a afirmación de Le Bon en 1879 de que “la mujer representa la forma más inferior de la evolución humana” (Le Bon, cit. en Sánchez, 2004, p. 121) baseándose no tamaño do seu cerebro, inferior ao do home; ata a postura de Ellis de que as mulleres “jamás pueden ser absolutamente iguales [aos homes], ni aún en los procesos psíquicos más elevados” debido á súa función reprodutora e caracteres sexuais primarios (Ellis, cit. en Bosch et al., 1999, p. 65), a psicoloxía fixo gala dun determinismo biolóxico afastado de calquera metodoloxía científica rigorosa.

Ao pulo dado á idea da diferenza aportado pola psicoloxía diferencial, sumóuselle a aparición da psicanálise a comezos do século XX da man de Sigmund Freud. Nun ambiente social e moral aínda influído pola dobre moral da época vitoriana (Hall, 2004), os postulados do austríaco fan gala da visión predominante das mulleres como seres anxelicais, gardiás da virtude do matrimonio, e consecuentemente sometidas ao home (Bosch et al., 1999). Algunhas das súas teses, como a da “envexa do pene” ou o “complexo de castración” do cal adoecerían as mulleres sentaron cátedra e continúan a ter unha notable influencia no devir da psicoloxía e o psicanálise. Todo iso a pesar do seu recoñecido descoñecemento da sexualidade feminina (Bosch et al., 1999).

Deste xeito, a idea da diferenza de mulleres e homes cunha base biolóxica chegou viva ata o día de hoxe, argumentando arredor das diferenzas que amosan as probas psicométricas, así como empregando as últimas tecnoloxías para estudar o funcionamento cerebral. Non obstante, estes traballos adoitan sufrir dunha intoxicación froito dun punto de partida misóxino, cando non dunha falta de valoración doutros factores que poden ter influencia e dar lugar a unha interpretación diferente dos resultados obtidos.

A pesar das probas de que moitos destes estudos non fan máis que reproducir unha serie de mitos e prexuízos sobre a natureza e comportamento das mulleres, as súas conclusións son enarboradas novamente a día de hoxe como unha proba determinante da existencia de diferenzas entre mulleres e homes, de tal xeito que se chega a xustificar a fenda salarial, a discriminación da muller en certos campos profesionais e do coñecemento, ou a submisión da muller ao home e a reprodución dos seus roles tradicionais. Analizar a súa orixe e evolución é fundamental para entender o seu rexurdir, e así o fago nos seguintes apartados.

3. O discurso misóxino dende a Ilustración

3.1. En defensa da (des)igualdade

Como pode unha corrente de pensamento que propugna a igualdade entre os homes ignorar á metade da poboación? Como se pode esixir liberdade ao tempo que se defende a xerarquización da sociedade en base ao sexo? Canto de real ten dita liberdade en ausencia da igualdade entre os seres humanos? Estas son algunhas das preguntas que se nos poden ocorrer tras ler as obras dalgúns dos insignes representantes da Ilustración, cuxo máximo expoñente, e ao cal empregaremos como exemplo paradigmático, é o xenebrino Jean-Jacques Rousseau.

A elección de Rousseau e non de algún outro intelectual coetáneo vén motivada, en primeiro lugar, pola profunda marca que deixou no pensamento da súa época e posterior, estendéndose a súa influencia ata o día de hoxe. Non só as súas ideas arredor da organización do estado e as relacións entre este o pobo, senón que tamén deixou pegada no tocante á educación e a natureza dos seres humanos. Este último punto, en concreto na idea que tiña Rousseau da muller, a súa natureza e o papel que debía desempeñar nunha sociedade ilustrada, é o obxecto da análise e crítica que realizo no seguinte apartado deste traballo.

Mais antes cumpre sinalar o segundo motivo da elección deste intelectual á hora de examinar a visión dominante que os ilustrados tiñan da muller. E é que a idea do papel das mulleres nas sociedades imaxinadas por estes pensadores, e sobre todo as ideas que Rousseau expón na súa obra *Emilio* (1762), foron duramente contestadas e rebatidas por unha coetánea súa, a inglesa Mary Wollstonecraft.

De forma semellante ao que faría douscentos anos máis tarde Kate Millet na súa obra *Política Sexual* (1968), Wollstonecraft analiza a obra de varios autores e a súa forma de plasmar o que é e debe ser unha muller, como se debe comportar e o que se agarda dela. Na súa obra *Vindicación de los derechos de la mujer* (1792), a autora inglesa analiza un por un o que ela entende que son prexuízos e estereotipos que restrinxen o desenvolvemento das mulleres como seres humanos completos, subordinándoas aos desexos dos homes, incapaces pola súa propia natureza de gozar dunha posición de igualdade con estes.

Central no pensamento da autora inglesa é o importante papel que desempeña a educación e estes retratos que das mulleres se fan dende a literatura á hora de definir o carácter e comportamento das mulleres. Considera que en ningún caso é exclusivamente por causas naturais que as mulleres maioritariamente se comporten e teñan trazos de personalidade

semellantes, senón que en gran medida isto vese condicionado pola educación que reciben dende a infancia, así como polos mecanismos condicionantes que restrinxen e penalizan os comportamentos que rachen cos estereotipos que deben cumprir. De novo, Mary Wollstonecraft adiántase á súa época, manexando sen nomealo o concepto de xénero tal e como o empregarían as feministas radicais dos anos 60 e 70 do século pasado, contrapoñéndoo á visión esencialista e totalizadora das mulleres defendida polo pensamento ilustrado.

Polo tanto, Rousseau é o punto de partida deste traballo non só pola súa importancia e influencia persoal, senón porque a resposta de Mary Wollstonecraft ás súas ideas arredor da natureza e rol social da muller supuxeron o inicio das vindicacións feministas.

3.2. Sofía, a muller ideal de Rousseau

No *Emilio*, o intelectual xenebrino espráíase nunha das súas principais preocupacións: como debe ser o cidadán ideal da república, que valores debe posuír, como debe ser educado. Ao longo desta obra, a muller atópase desaparecida. E non porque se pretenda exemplificar con Emilio, o protagonista da obra, ao conxunto da humanidade. Será cara o final da obra cando apareza a que está destinada a ser a compañeira de Emilio, Sofía.

O rol de Sofía, isto é, da muller, non é o mesmo que o do home, ou en palabras de Rousseau:

Al seguir las instrucciones de la naturaleza, deben, por supuesto, actuar en concierto [...]; el fin de sus empresas debe ser el mismo, pero los medios que deben usar para llevarlas a cabo y, en consecuencia, sus gustos e inclinaciones, deben ser diferentes (1762/1973, p. 491).

A muller é presentada como un complemento do home, tal e como desenvolvo apoiándome na crítica realizada por Mary Wollstonecraft, ocupando unha posición de subordinación ao home xustificada en base a estereotipos que a inferiorizan diante dun ideal da humanidade representado polo home, o verdadeiro cidadán, suxeito de dereitos e deberes.

Partindo dunha naturalización das diferenzas de carácter e personalidade entre homes e mulleres, Rousseau defende que a educación e a formación recibida polas crianzas debe por forza ser diferente. Tras recoñecer que nun principio as actividades e gustos das crianzas “[...] tienen muchas cosas en común, y así debe ser, pues ¿acaso no tienen también muchas cuando llegan a ser adultos?” (Rousseau, 1762/1973, p. 498), aduce que as nenas teñen certas inclinacións propias, como por exemplo a xogar con bonecas, “[...] el juego particular del sexo femenino, por lo que vemos que su gusto se adapta evidentemente a su destino” (1762/1973, p. 498).

Deste xeito, e como critica Wollstonecraft, o intelectual obvia como se socializa as nenas no papel que deben desempeñar no seu futuro adulto, “[...] se las trataba como mujeres casi desde su mismo nacimiento [...] Se suponía así que la naturaleza había actuado como una madrastra cuando formó este producto posterior de la Creación” (Wollstonecraft, 1792/2005, pp. 152-153). A través de dita naturalización, a visión de Rousseau condena ás mulleres a unha vida de sometemento “[...] al más constante y severo control, que es el del decoro [...] y a la supresión de sus caprichos, para que se sometan más gustosamente a la voluntad de otros” (1762/1973, p. 500).

A muller debe polo tanto ser dócil e dilixente, suxeita á subordinación ao seu marido, “[...] imperfecto, a menudo lleno de vicios y siempre lleno de faltas”, debe aprender a “sufrir la injusticia y a soportar los insultos del marido sin quejarse” (Rousseau, 1762/1973, p. 502). Debe ser paciente e comprensiva: “Las mujeres deben comprender que esas –la perversidad y la malicia– no son las armas con las que consiguen la superioridad” (Rousseau, 1762/1973, p. 502). Mais como pode unha persoa suxeita a soportar tal situación de control de forma pasiva non converterse nunha persoa mesquiña e inxusta, incapaz de distinguir o ben do mal, subordinada completamente ao home?, se pregunta Wollstonecraft (1792/2005).

De novo a autora británica sinala as incoherencias de Rousseau. Tal e como defende a autora, a aplicación que se leva facendo historicamente destas teses só pode xerar mulleres en conflito consigo mesmas, con problemas característicos xerados polo sistema de educación que se lles impón e lles impide desenvolverse: “La modestia, la templanza y la abnegación son los frutos serios de la razón, pero cuando la sensibilidad es alimentada a expensas del entendimiento, debe controlarse a seres tan débiles por medios arbitrarios y someterles a conflictos continuos” (Wollstonecraft, 1792/2005, p. 153).

Outra pregunta que xorde é a que se está a referir Rousseau cando di que as mulleres non conseguen a superioridade de certos xeitos? É que no argumentario do ilustrado, reflíctese que a situación de dominación masculina debe ser unha sorte de “performance”, onde quen en realidade ostenta o poder son as mulleres. Nas súas propias palabras:

[...] el más fuerte debe ser dueño en apariencia, y depender de hecho del más débil [...] por una ley invariable de la naturaleza que, al otorgar a la mujer una mayor facilidad para excitar deseos de la que ha dado al hombre para satisfacerlos, hace al último dependiente de la anterior, y le obliga a su vez a procurar complacerla de forma que obtenga su consentimiento de que él debe ser el más fuerte (Rousseau, 1762/1973, p. 487).

Non obstante, e fronte a un discurso claramente misóxino no cal a muller, débil e dócil, ten como única finalidade compracer ao home ao tempo que o manipula aproveitándose da súa

debilidade, Rousseau pretende, en palabras de Mary Wollstonecraft, “dar una pequeña apariencia de dignidad a la lujuria” (Wollstonecraft, 1792/2005, p. 148).

A análise que realiza Mary Wollstonecraft da representación da muller ideal de Rousseau e doutros autores vai máis aló do que amosei ata o de agora, mais sendo dabondo para os obxectivos deste traballo co anteriormente expresado, e para non estenderme en demasía con citas innecesarias, remito á Sección I do Capítulo V de *Vindicación de los derechos de la mujer* (Wollstonecraft, 1792/2005, pp. 147-167), onde se analiza e critica con profusión a idea da muller rousseauniana.

Para finalizar con Rousseau, resumamos os trazos que por un lado posuiría naturalmente a súa muller, e o ideal ao que esta debe aspirar. Sofía caracterízase por ser de natureza feble, compracente, maternal, comedida e decorosa. A súa educación debe ir encamiñada a reforzar estes trazos de personalidade, someténdoa dende pequena á máis férrea disciplina para que esqueza as súas propias inclinacións, que son vistas como desviacións do seu natural obxectivo, que é ser submisiva e devota ao seu home. Xa que non posúe capacidades para desenvolverse intelectual ou espiritualmente, debe centrarse no estudo dos homes para mellor compracelos, restrinxindo a súa vida ao ámbito privado do fogar. A muller, en definitiva, ocupa unha posición subordinada ao home, carecendo da condición de suxeito, mentres que este realízase como ser humano grazas á opresión exercida sobre as mulleres (Cobo, 1996).

O anterior o argumenta Rousseau en base a unha suposta naturalidade da muller que inclúe o seu consentimento á hora de someterse ao home polo seu propio interese. Estes dous puntos serán cruciais e continuarán a formar parte das distintas ondas de misoxinia que se desenvolveron despois da Ilustración, tal e como amoso nos seguintes apartados.

3.3. A misoxinia romántica

Se algo caracteriza ao século XIX, é a súa turbulencia política e social. Tras as revolucións ilustradas do século pasado, sucédense as restauracións do Antigo Réxime ao longo de Europa. A restauración monárquica en Francia tras Napoleón ou a volta ao absolutismo en España despois da Guerra de Independencia son algúns exemplos desta tendencia conservadora no ámbito político. Mais esta virulenta reacción fronte ás institucións e ao pensamento ilustrado terá unha fonda influencia en todos os aspectos das ciencias e das artes, sendo neste contexto turbulento onde xorde e se desenvolve o movemento romántico (Valcárcel, 1993).

O Romanticismo xorde polo tanto como unha reacción fronte ás ideas ilustradas, as cales son criticadas polos pensadores románticos pola súa suposta visión fría e lóxica do ser humano, fronte a unha visión naturalista. Así mesmo, o cariz conservador e reaccionario dos

románticos maniféstase na exaltación do nacionalismo, da tradición ou da idealización do pasado (Errázuriz, 2012). O rexeitamento da razón fronte ás costumes e o “sentido común” son outras das características deste movemento, ás cales se dota “de la infalibilidad que se supone que el siglo XVIII atribuyó a los elementos razonables” (Mill, 1869/2005, p. 73). Mais a pesar desta liña de rexeitamento frontal á Ilustración e os seus principios político-morais, é destacable a súa coincidencia cos pensadores ilustrados nun punto vital: a idea de que as mulleres, en tanto que diferentes por natureza aos homes e inferiores a estes, non poden nin deben ter os mesmos dereitos. Así, as reivindicacións de dereitos das mulleres que se orixinan na Ilustración vense enfrontadas por unha nova misoxinia romántica (Errázuriz, 2012; Valcárcel, 1993).

O movemento romántico continuará deste xeito coa liña misóxina da Ilustración, para o cal se serviu da representación da muller no arte afondando na dicotomía muller boa / muller mala: por unha banda a perfecta esposa, servizal, fráxil e subordinada ao home; pola outra a prostituta, sedutora, depravada e corruptora (Errázuriz, 2012). Abundan os exemplos desta visión da muller nos grandes autores deste tempo, sexan estes pintores, poetas ou filósofos, cunha variedade de formas que van dende a romantización da idea de muller, ata o desprezo e a inferiorización máis crúa.

Así é que certos autores, como o poeta inglés William Blake (1757- 1827) chegaron incluso a ser interpretados ata fai pouco como defensores dunha sociedade igualitaria (Mellor, 1982), a pesar de que nas súas obras se reflicte esa visión dicotómica da muller. No caso de Blake, que exemplifica á perfección a poesía romántica, a muller pode ser representada como superior ou inferior ao home, pero é invariablemente dependente deste, cando non famenta de poder (Mellor, 1982), unha ambición desmedida froito do seu carácter subordinado.

Máis descarnados foron filósofos como Schopenhauer: “Si todo hombre tiene necesidad de varias mujeres, muy justo es que sea libre y aun que esté obligado a encargarse de varias. Éstas, de ese modo, quedarán reducidas a su verdadero papel, que es el de un ser subordinado.” (1851/1961, p. 381); Proudhon: “[...] toda mujer que sueña *emancipación* ha perdido, *ipso facto*, la salud del alma, la lucidez del espíritu y la virginidad del corazón, y está en vía de pecado; y no digo más” (1875/1892, p. 108). Ou Hegel : “El estado correría peligro si hubiera mujeres a la cabeza del gobierno, porque no actúan según exigencias de la universalidad, sino siguiendo opiniones e inclinaciones contingentes” (1821/1999, p. 287).

A principal característica desta etapa romántica é que se desenvolve en toda a súa extensión aquilo que Mary Wollstonecraft (1792) lle botaba en cara a Rousseau: a existencia dunha dobre vara de medir, mediante a cal se pretende facer pasar por benignas para as mulleres certas situacións que serían consideradas inxustizas se as sufriran os homes. Do mesmo

xeito opinaba Stuart Mill, que na súa obra *El sometimiento de las mujeres* (1869) realiza unha extensa crítica tanto da posición de subordinación das mulleres na súa época, como das razóns que dende a intelectualidade romántica se daban para xustificar dita situación.

De forma similar ao que xa acontecera con Rousseau e Mary Wolstonecraft, Stuart Mill aborda a visión das mulleres que se espalla pola Europa romántica, analizando criticamente os supostos coñecementos nos que esta se apoia, denunciando a elevación dos prexuízos á categoría de proba científica e rebatendo as argumentacións esencialistas de cara a convencer a un público o máis amplo posible (de Miguel, 2005). Isto o fai nun tempo no que se está a dar unha “[...] reacción do século XIX contra o XVIII” (Mill, 1869/2005, p. 73), e sendo consciente de que a costume establecida e a opinión xeral estarán na súa contra, argumentará que a maioría das institucións que no seu tempo se daban por lexítimas se fundaron sobre a lei do máis forte, colocando entre as máis perniciosas das sobreviventes a do matrimonio (Mill, 1869/2005).

Stuart Mill tivo que enfrontarse cunha misoxinia renovada, que non só naturalizaba a subordinación e complementariedade da muller ao home, senón que moi astutamente se coidaba de recalcar que as súas ideas dunha sociedade articulada arredor desta relación desigual tiñan como finalidade a maior felicidade e benestar das mulleres (Hegel, 1821/1999; Mill, 1869/2005; Proudhon, 1875/1892), ao tempo se reforzaba esta visión da muller nas artes.

O Romanticismo desenvolve deste xeito unha misoxinia propia, tal e como explica Amelia Valcárcel, que pretende naturalizar e embelecer a desigualdade, nunha sorte de lategazo contra as vindicacións e avances do feminismo xurdido tras a Ilustración (1993). Mais se o novidoso neste discurso misóxico é o emprego das artes e naturalización da desigualdade, os seus principais argumentos continúan remitindo ao suposto carácter natural do comportamento e características das mulleres, feitos que tiñan fácil explicación na educación, as costumes e os prexuízos (Mill, 1869/2005). Mais axiña o pensamento misóxico tería un novo alicerce que o dotaría dun halo científico.

3.4. Evolutivamente inferiores

Durante a segunda metade do século XIX teñen lugar dous feitos que terán unha gran relevancia na historia da ciencia e o estudo dos seres humanos. En primeiro lugar, o naturalista británico Charles Darwin publica *“Sobre el origen de las especies por medio de la selección natural”* (1859), obra na cal expón a teoría de que os seres vivos evolucionan a través da selección natural dos máis aptos para a supervivencia, prevalecendo así as características destes. En segundo lugar, a psicoloxía, ata o momento encadrada dentro dos límites da filosofía, busca achegarse aos estándares da ciencia adoptando o método

científico-experimental, comezando os primeiros estudos experimentais da man de Wilhelm Wundt (Bosch et al.,1999).

O pensamento misóxino, acusado agora de carecer de fundamento científico (Mill, 1869/2005) e amosando novamente a súa capacidade de adaptación, centra a súa atención no campo das ciencias na procura de explicacións “científicas” que xustifiquen o mantemento da subordinación da muller. Neste sentido, destaca o caso do mesmo Charles Darwin, que na súa obra *El origen del hombre y la selección en relación al sexo* (1871) aplica a selección natural á evolución humana, explicando a existencia de diferenzas de carácter natural que estarían ocasionadas pola necesidade dos homes de competir entre si para reproducirse (Bosch et al.,1999). Isto propiciaría o desenvolvemento por parte de Ellis da hipótese da variabilidade (1894), de vital importancia no futuro e obxecto de debate e investigación ata o día de hoxe (Dewsbury, 2005). Segundo esta hipótese, os homes posuirían unha maior variabilidade de características (intelixencia, forza, agresividade) que estaría ocasionada por esta competencia para a reprodución, o cal, xunto á selección realizada polas mulleres, favorecería o espallamento destas características (Shields, 1975; Shields e Bhatia, 2009).

Contrariamente ao que acontecera coa súa teoría da evolución humana, que foi obxecto de mofas durante décadas, a idea de que o home era evolutivamente superior á muller foi amplamente compartida por persoeiros de autoridade como o xa citado pai da sexoloxía Havelock Ellis, ou Herbert Spencer, e axudaría a sentar as bases da teoría social coñecida como “darwinismo social”. Tamén sería inspiración dun dos fundadores da psicoloxía diferencial, Francis Galton, primo de Darwin e defensor do carácter hereditario da totalidade das facultades humanas (Bosch et al., 1999; Shields, 1975)

Da mesma forma, o desenvolvemento da psicoloxía experimental, coas súas diversas variantes, viuse acompañada dende un inicio polo influxo da misoxinia, que se valeu dos mesmos prexuízos sementados durante a Ilustración para desenvolver as súas teorías sobre a psique dos seres humanos e centrarse particularmente nas diferenzas de comportamento e psicopatoloxías existentes en base á particular bioloxía dos sexos. Diferenzas como o menor tamaño do cerebro, ou o maior desenvolvemento dalgunha das súas partes expúñanse como probas da base biolóxica da diferenza (Shields, 1975).

Esta última, xunto coa hipótese da variabilidade, foi a liña seguida na maioría de estudos realizados arredor das diferenzas psicolóxicas entre mulleres e homes ata os anos 30 do século XX (Shields, 1975). A partir desa década, a cuestión pasa a ser cuestión predilecta da psicanálise iniciada por Sigmund Freud, teoría na cal considérase que a tipificación sexual, isto é, a adquisición das características propias de mulleres ou homes nunha cultura realízase trala superación do complexo de Edipo (Bosch et al., 1999), que nas mulleres veríase

continuado polo de castración, ocasionado pola envexa do pene. Polo tanto, de novo pártese dunha base biolóxica (a ausencia de falo na muller, polo cal se sinte incompleta) para explicar a conformación do carácter das mulleres como homes incompletos e en inferioridade fronte a estes.

Os estudos que se continuaron a realizar ata os nosos días arredor das supostas diferenzas entre mulleres e homes dende a psicoloxía identificaron tres campos nos cales mulleres e homes difiren: capacidade verbal, capacidade viso-espacial e capacidade matemática (Bosch et al., 1999). Non obstante, ditas diferenzas non só serían mínimas e non relevantes, senón que nin tan sequera é posible demostrar que teñan a súa orixe na natureza en lugar de na educación e socialización, como amosan as sucesivas e exhaustivas meta-análises realizadas por Hyde sobre estas e outras características, como son a moral ou o temperamento (1981;1988;1990; Oliver e Hyde, 1993; Kling, Hyde, Showers e Buswell, 1999; Jaffee e Hyde, 2000, 2005; Else-Quest, Hyde, Goldsmith e Van Hulle, 2006).

Conceptos como a hipótese da variabilidade, a herdanza das facultades humanas ou as particularidades psicopatolóxicas das mulleres marcaron unha liña a seguir na evolución da psicoloxía que propiciou que a investigación arredor das diferenzas entre mulleres e homes se vira caracterizada pola persistencia dunha serie de prexuízos que naturalizaban estas particularidades, e continúa a ser un dos debates máis importantes da psicoloxía a día de hoxe, coas consecuencias que isto carrega (Bosch et al., 1999; Hyde, 2005).

4. O discurso da misoxinia na actualidade

No apartado e sub-apartados anteriores estendíame nos aspectos que caracterizaban á misoxinia xurdida a raíz da Ilustración e as súas evolucións, e como a naturalización da diferenza entre mulleres e homes servía aos seus defensores para xustificar a submisión da muller ao home e a súa exclusión dos dereitos que este último posuía. Así mesmo, contrapuxen os argumentos empregados por estes defensores da diferenza coa resposta que suscitaron nalgúns defensores da igualdade contemporáneos seus, e como os argumentos dos esencialistas eran rebatidos, resaltando o seu carácter pseudo-científico e alleo á contextualización social en cuestión.

A este apartado correspóndelle o novo discurso patriarcal e os seus vínculos co neoliberalismo, así como a forma en que este fai uso de ciencias como a psicoloxía para adaptar á sociedade e aos individuos que a compoñen aos seus postulados. Entre estas ferramentas, a naturalización do xénero supón unha vantaxe tanto para o neoliberalismo

como para o patriarcado. Para o neoliberalismo, supón achar unha explicación que xustifica a existencia das desigualdades entre mulleres e homes no mundo capitalista, dando explicación á fenda salarial, á do xénero ou ao reparto desigual dos coidados. En canto ao patriarcado, grazas a redescuberta utilidade dos argumentos esencialistas, vese recompensado co apoio que lle ofrece o neoliberalismo ao levar as súas ideas de novo á palestra pública e dotalas de influencia no ámbito político.

Mais as ideas precisan de alguén que as espalle e lexitime, co cal e preciso poñer nome aos voceiros deste novo discurso.

4.1. Os seus portavoces

De forma semellante ao apartado no cal expuxen a visión de Rousseau, a do Romanticismo e o evolucionismo sobre a muller e o seu papel na sociedade, considero idóneo escoller unha serie de representantes destacados destas ideas na actualidade. Persoeiros coa suficiente presenza nos medios e redes, cunha bagaxe intelectual notoria e recoñecemento académico. Portavoces capaces de influír na sociedade e no devir das políticas sociais.

Neste caso, e dadas as particulares características do actual pensamento da diferenza que desenvolvo nos seguintes apartados, estes representantes comparten unha serie de características: todos eles son norteamericanos; psicólogos formados nalgúns das máis prestixiosas universidades dos EE.UU; defensores dun liberalismo que se di herdeiro dos principios ilustrados; e saltaron á fama na última década. Os seus nomes son Steven e Susan Pinker e Jordan Peterson.

4.2. A cara moderada do esencialismo: Steven Pinker

Steven Pinker é un psicólogo experimental, cuxas principais vías de investigación se centran na cognición visual, psicolingüística e relacións sociais. Ten impartido clase na Universidade de Standford e no MIT, e actualmente é profesor de Psicoloxía na Universidade de Harvard. É así mesmo un dos principais teóricos da psicoloxía evolucionista, unha pola da psicoloxía que entende que certas características e comportamentos dos seres humanos son froito da selección natural pola súa utilidade, influenciada polas teses de Charles Darwin (Shields, 1975).

Non obstante, Pinker é coñecido polo gran público debido ás súas obras, nas cales busca achegar e difundir o seu pensamento aos lectores. Neste senso, ten especial relevancia o seu libro *La tabla rasa* (2003), no cal o psicólogo canadense realiza unha extensa crítica do que el entende como a visión predominante nas ciencias do ser humano como unha tábula rasa, maleable a través da educación e a socialización, o cal tería contribuído a crear unha

doutrina que “ha fijado el orden del día de buena parte de las ciencias sociales y de las humanidades durante los últimos cien años” (Steven Pinker, 2003, p. 26). Fronte a isto, o autor defende a existencia dunha serie de características inherentes á natureza do ser humano, que terían evolucionado de forma paralela ao desenvolvemento da especie axudando á súa supervivencia.

Esta idea dunhas características innatas, herdadas e diferentes segundo cada individuo, estenderíase aos sexos, que terían así diferentes características psicolóxicas e de comportamento determinadas pola súa diferente evolución. A este respecto, o autor dedica un apartado en particular ao xénero, un dos máis extensos dos apartados dunha obra de máis de 600 páxinas, no cal defende a existencia de motivos psicolóxicos e naturais que darían resposta ao por que as mulleres se ocupan de certos roles e labores na sociedade, ou por que toman certas decisións vitais diferentes ás dos homes.

A súa obra e estilo comunicativo caracterízanse pola semellanza de neutralidade e observación da temática de estudo dende un punto de vista totalmente imparcial e obxectivo, aséptico. Mais cumpre con esta pretendida obxectividade científica? Ata que punto son as súas observacións e exemplos imparciais?

4.3. A defensora da diferenza: Susan Pinker

Psicóloga clínica de profesión, Susan Pinker centra a súa obra escrita, publicacións en medios e libros, na economía condutual e a aplicación da psicoloxía social ao mundo dos negocios. Esta inclinación cara á influencia de factores psicolóxicos no ámbito laboral e o triunfo nos negocios vese plasmada na obra que a deu a coñecer, *La paradoja sexual* (2009), tan só cinco anos despois da publicación de *La tabla rasa*, do seu irmán Steven Pinker.

Ao longo da obra, e baseándose principalmente na súa experiencia como psicóloga clínica e nas historias persoais de vinte dos seus pacientes, mulleres e homes, a autora reflexiona arredor das posibles causas de que os homes cheguen a ter maior éxito económica e profesionalmente que as mulleres. Todo iso a pesar de ter nalgúns casos, e segundo ela defende, maiores dificultades que as mulleres debido a que son “naturalmente” máis propensos a “padecer problemas de desenvolvemento, caer enfermos, a hacerse daño o a matar a outros” (Susan Pinker, 2009).

Con esta obra, Susan Pinker pretende cuestionar o que na súa opinión é a tendencia de certo sector do feminismo de tomar como modelo o comportamento masculino, ao cal as mulleres non se adaptarían, reflectíndose isto na existencia de estudos e profesións claramente femininas, así como na diferenza de salarios e postos de responsabilidade ocupados por mulleres con respecto aos dos homes (Susan Pinker, 2009).

O ton coloquial e directo co que escribe Susan Pinker, así como o seu emprego de casos reais e da súa experiencia profesional, proporcionan á súa obra unha aparencia de rigor e coñecemento do que se está a falar. Mais ata que punto poden extraerse ideas concluíntes dos casos e opinións de vinte persoas? Que peso lle da a esa influencia “parcial” da bioloxía con respecto ao influencia social?

4.4. O custodio do patriarcado: Jordan B. Peterson

Formado como psicólogo clínico, foi profesor na Universidade de Harvard e na de Toronto, mais saltou á palestra trala súa oposición a unha emenda á constitución canadense que incluía a discriminación por identidade de xénero. A súa postura asentábase na defensa da liberdade de expresión, e como o sentir subxectivo dun terceiro non pode impoñer límites a esta. Dende entón frecuenta habitualmente medios de comunicación, realiza numerosas conferencias as que asisten gran cantidade de seguidores e vén de presentar un libro no 2018, titulado *12 Rules for Life* (Peterson, 2018). Na actualidade conta con máis dun millón de seguidores na rede social Twitter, un millón setecentos mil en Youtube, e o buscador de internet Google aporta 112 millóns de resultados en tan só 0,45 segundos se introducimos o seu nome. Por comparación, se introducimos Simone de Beauvoir atopamos 15.900.000 resultados en 0.58 segundos, e 35.400.000 en 0.60 segundos no caso de Jean-Jacques Rousseau, o cal nos dá unha idea do seu gran impacto na actualidade.

No que respecta ao enfoque do traballo de Peterson, podemos situalo dentro da psicoloxía positiva, cunha centralidade clara no individuo, a asunción de responsabilidades e a importancia da competencia. Un encadre máis preciso do seu pensamento e obras sería o da auto-axuda, liña na cal están escritos os seus libros, así como as súas conferencias, repletas de chamados á responsabilidade e á iniciativa do individuo.

A súa pretensión principal é, nas súas propias palabras “[...] redescubrir os valores eternos e levalos á práctica”¹ (Peterson, cit. en Bowles, 2018, p. 1). Mais cales son eses valores eternos e innatos dos seres humanos? Por que desapareceron ou están en perigo? Como considera Peterson que deben redescubrirse?

¹ N. do T: Esta máis as demais traducións de extractos procedentes de fontes escritas en lingua inglesa son traducións de Adrián Soto.

5. Os eixos do novo discurso

5.1. A desigualdade, algo natural

A explicación da desigualdade entre mulleres e homes, así como a influencia do feminismo á hora de entendela xera gran parte da preocupación que atenaza ao noso trío de esencialistas, e cada un ten a súa particular forma de abordar a temática, dende un perfil a priori respectuoso co feminismo e os seus logros, ata o ataque máis furibundo.

No caso dos irmáns Pinker, ambos os dous recoñecen a importancia que tivo o feminismo á hora de denunciar a situación de discriminación que sofre a muller en certos ámbitos, e que serviu para abrir portas ás mulleres (Steven Pinker, 2003, p. 492; Susan Pinker, 2009, p. 24). A súa crítica diríxese cara ao “feminismo de xénero” (Sommers, 1995), unha sorte de “sector alocado” (Steven Pinker, 2003, p. 496) do feminismo que asocian co posmodernismo e que “sostiene que las mujeres siguen estando esclavizadas por un sistema omnipresente de dominación del macho” (Steven Pinker, p. 497). Fronte a el, defenden un “feminismo da igualdade”, que respectaría os principios clásicos do liberalismo, o acceso ao emprego e a loita contra a discriminación sexual, e outras inxustizas que sofren as mulleres (Steven Pinker, 2003), mais cunha base esencialista que asigna certas características propias ás mulleres (England, 2010).

Se cadra poderíamos agardar obter algunha información concreta de cales son esas feministas “alocadas” para facernos unha idea de primeira man de cales son esas propostas que as convirte en tan perigosas. Mais Steven Pinker cóidase moito de citar ou sequera mencionar a algunha delas, escapándosele os nomes de Andrea Dworkin e Catharine Mackinnon como dúas destas “feministas de género más radicales” (Steven Pinker, 2003, p. 531). En troques, esténdese á hora de citar ás “boas” feministas, entre as cales inclúe a Christina Hoff Sommers, a quen emprega como principal fonte de información sobre feminismo; Camille Paglia; Wendy McElroy; Cathy Young... e unha longa lista de exemplos cos que pretende dotar de lexitimidade á súa posición ao amosar que existen mulleres que a comparten, como fai en repetidas ocasións ao longo do apartado que dedica ao xénero.

Destas referencias podemos extraer dúas conclusións: en primeiro lugar, que o termo “feminismo de xénero” non é máis que un home de palla a través do cal se busca atacar ao movemento feminista no seu conxunto (Nussbaum, 1999). Así, o obxecto das descualificacións de Steven Pinker é o feminismo, a conceptualización do xénero como unha construción puramente social, e a súa crítica ao patriarcado como sistema de control social e subordinación das mulleres aos homes (Steven Pinker, 2003).

Deste xeito, e se ben recoñecen que o xénero, entendido como unha construción social, é un factor influínte no devir das persoas, non o consideran en absoluto determinante nin tería maior influencia que outros condicionantes:

Sexo biolóxico e identidade de xénero están polo tanto forte e causalmente ligados [...] as diferenzas entre homes e mulleres son tan grandes, que se as agregáramos, apenas habería solapamento: podes diferenciar case completamente aos homes (biolóxicos) das mulleres (biolóxicas) baseándote nas súas hipoteticamente independentes identidades de xénero (Peterson, 2016, p. 1).

Tanto o psicólogo canadense como os seus seguidores buscan darlle un cariz científico a esta clase de afirmacións que a priori teñen tanto fundamento como as realizadas por Rousseau fai máis de douscentos anos. De feito, mesmo chegan a contradicirse, como cando Steven Pinker resalta o carácter idéntico de mulleres e homes, que “evolucionaron xuntos como una misma especie”, durante todo un parágrafo para a continuación afirmar que “[...] naturalmente, las mentes de los hombres y las mujeres no son idénticas” (Steven Pinker, 2003, p. 501). E comeza a mencionar unha serie de preferencias e comportamentos, sen sequera valorar a posibilidade de que inflúan factores sociais ou culturais, incluso cando recoñece que “muchas diferencias de sexo no tienen nada que ver con la biología” (Steven Pinker, 2003, p. 503).

Un dos estudos que apoiaría esta postura, e que Peterson emprega no seu artigo do 2016 no *National Post*, pretende analizar e comparar as diferenzas de trazos de personalidade en función do sexo en diferentes culturas. A pesar de que os mesmos autores do traballo recoñecen a posibilidade de que os resultados estean nesgados a causa da pouca variedade cultural; de unha sobre-representación das mulleres nas enquisas; dos datos desactualizados; ou que as mostras son demasiado pequenas (Costa, Terraciano e McCrae, 2001), non dubidan en cuestionar a importancia da socialización e da educación á hora de determinar a identidade e roles de xénero, así como de cualificala de innata e xeneticamente codificada.

Na súa busca de sustentación, chegan a empregar á situación que se da en países como Suecia, onde a pesar de que existe unha lexislación e a vontade política de acadar a máxima igualdade entre os sexos, as mulleres continúan a escoller os roles académicos e profesionais que teñen asignados tradicionalmente. De feito, defenden que as diferenzas entre mulleres e homes “[...] son maiores nas sociedades escandinavas [...] isto é porque homes e mulleres difiren na súa psicoloxía por razóns sociais e biolóxicas e, se eliminamos a influencia social, a influencia biolóxica fortalécese” (Peterson, 2016, p. 1).

Esta seguridade en que na ausencia de factores sociais os biolóxicos se ven reforzados, contrasta co seu rexeitamento a que se leven a cabo medidas educativas que busquen eliminar os estereotipos de xénero: “¿Por que deberíamos lanzar experimentos a gran escala dirixidos a transformar a socialización das crianzas, cando non temos nin idea de cal podería ser o resultado?” (Peterson, 2018b, p. 1). Mais por que tal rexeitamento, cando se ten tan claro que o único que se vería reforzado sería a influencia biolóxica?

Ao centrar o foco na lexislación e nas normas que pretenden promover a igualdade ao tempo que se reitera que estas non diminúen senón que exacerbaban as diferenzas entre mulleres e homes, ou que penalizan a estes (Steven Pinker, 2003), interesadamente esquecen facer mención á efectividade que posúen ditas normas á hora de influír na tradición e cultura destes países. E é que tal e como sinalan profesionais suecos, aínda que na educación formal se pretenda deconstruír os estereotipos de xénero, “sus alumnos están absorbiendo estereotipos de anuncios espectaculares y caricaturas” (Barry, 2018, p. 1).

De feito, os roles que as nenas e nenos observan nos seus fogares, xunto coas tradicións e o nivel educativo, poden ser tamén factores que reforcen os estereotipos de xénero, o cal por moito que a lexislación promova a igualdade, non cambiará de forma inmediata. Por exemplo, isto era o que acontecía e en grande medida continúa a acontecer en Suecia co permiso de paternidade, que poucos homes toman por considerarse socialmente que non forma parte do seu rol como homes (Allard, Haas e Hwang, 2011). Do mesmo xeito, a súa posición como principais sustentadores ocasiona que non se acollan á baixa para non ver reducidos os seus ingresos (Martínez, 2009), xa que supoñen ata os dous terzos dos ingresos do fogar (Johansson, 2011). A pesares disto, apréciase un avance progresivo na cantidade de homes que toman estes permisos, do cal se extrae que pouco a pouco a mentalidade da sociedade e dos homes suecos está a cambiar (Haavind e Magnusson, 2005).

Ignorando esta situación, os novos misóxinicos pretenden desacreditar por unha banda as feministas, en tanto que se desprende que as políticas que pretenden eliminar os nesgos de xénero son ineficaces ou xa cumpriron a súa función, ao tempo que rebaixan a importancia que teñen a educación e a socialización á hora de determinar o camiño que toman as mulleres. Así, son outras características que entenden como innatas e alleas á educación e á socialización as que determinan en maior medida a situación das mulleres, como poden ser os trazos de personalidade.

Os denominados en psicoloxía “Big Five”, cinco grandes trazos de personalidade medibles mediante cuestionarios (Goldberg, 1990), serven para explicar a situación de desigualdade das mulleres con respecto ao home. Por exemplo, e atendendo a estes cuestionarios, as mulleres puntúan máis en *Agreeableness* que os homes, o cal influiría no feito de que estas

perciban salarios máis baixos dada a súa tendencia conformista e cooperativista, fronte aos homes, con maior puntuación en *Openness*, máis competitivos e ambiciosos.

Este aspecto do carácter das mulleres semella colocalas a todas luces nunha posición desvantaxosa e que se afastaría do virtuoso, que neste sistema socioeconómico neoliberal se asocia coa iniciativa e competencia propia dos homes. Mais dalgún xeito Peterson defende que aquilo que non sería unha virtude nos homes, si o é nas mulleres: “Cando Mrs. Peterson fala de boas mulleres –do tipo coa que un home queredo casar– adoita empregar estas palabras: escrupulosa e afable” (Bowles, 2018, p. 1). Esta concepción da muller sigue a liña freudiana sostida por Helen Deutsch, sendo entendida a boa muller como a compañeira ideal do home (Bosch et al., 1999). Así mesmo, este dobre sistema de valores remítenos de novo a Rousseau e a súa forma de entender á muller como complemento do home, cuxa meta debe ser “[...] complacernos, sernos útiles, hacernos amarlas y estimarlas, educarnos en la juventud, cuidarnos cuando crecemos, consolarnos, hacer nuestra vidas fáciles y agradables” (1762/1973, p. 494).

Para ver con maior claridade o paralelismo entre estes dous discursos da misoxinia, non hai máis que traducir os termos que Peterson emprega: *Conscientious* equivale a escrupulosa, concienciada, mentres que *Agreeable* pode traducirse como agradable, afable. E acaso non di Rousseau que “La primera y más importante habilidad en una mujer es la buena naturaleza o suavidad de carácter” (1762/1973, p. 502) e “[...] deben observar, como ley, no decir nunca nada desagradable para aquellos con los que hablan” (1762/1973, p. 510), sendo o decoro a súa maior preocupación e o principal mecanismo de control.

Acaso non se adecúa o que Peterson entende como unha muller completa ao ideal que representa a Sofía de Rousseau? Máis aínda. Se ben Rousseau di entender estas características como naturais, cóidase de recomendar o sometemento da muller para asegurar que non se sae do camiño marcado. No caso do psicólogo canadense, vemos un retorno a esta idea esencialista, mais o factor coercitivo vese substituído polo da tendencia e da libre elección, núcleo do discurso neoliberal imperante.

A postura destes intelectuais, lévaos mesmo a afirmar que “muchas de las diferencias psicológicas entre los sexos son exactamente las que supondría un biólogo evolutivo que solo conociera sus diferencias físicas” (Steven Pinker, 2003, p. 504). E non é isto o mesmo que denunciaba Stuart Mill, a pervivenza de estruturas de dominación que teñen a súa orixe na lei do máis forte? Dende logo, non se afasta da forma na que Proudhon pretendía defender a inferioridade intelectual das mulleres baseándose nunha pseudo-ciencia como a frenoloxía, que pretendía relacionar o carácter e a personalidade dunha persoa coa morfloxía do seu cranio (1875/1892).

En resumo, o discurso destes intelectuais comparte a mesma base que o discurso misóxino ilustrado, maquillando a coerción baixo unha capa de libre elección e individuación, sustentándose en pretendidos estudos científicos e na observación da realidade, cando a pouco que se afonda, como continuo facendo a continuación, se lle pode adxudicar o mesmo prexuízo que lles atribuíu Mill aos misóxinos do século XIX, isto é, “[...] asignar a los elementos no razonables de la naturaleza humana esa infalibilidad que se supone que el siglo XVII atribuyó a los elementos razonables. Hemos sustituido la apoteosis de la Razón por la del Instinto” (1869/2005, p. 73).

5.2. A masculinidade, en perigo

A idea de que na actualidade está a ter lugar un cuestionamento de valores tradicionalmente asociados co masculino é outro dos puntos sobre o que pivota o discurso destes intelectuais, particularmente o de Jordan Peterson. Como el mesmo di: “O espírito masculino está baixo asalto” (Peterson, cit. en Bowles, 2018, p. 1), e as forzas involucradas nesta ofensiva non son outras que a extrema esquerda, o neo-marxismo e o feminismo radical.

Fronte a este movemento, que segundo Peterson pretende socavar a masculinidade relacionándoa coa toxicidade, confundindo aos homes e empurrándoos á desesperación, o “Custodio do Patriarcado” (Bowles, 2018, p. 1) propón un retorno aos “valores eternos” (Peterson, cit. en Bowles, 2018, p. 1). Mediante a contraposición da Orde e do Caos, pretende ofertar un camiño para acadar a esa Orde á que aspira, tal e como expresa o subtítulo do seu derradeiro libro: *An Antidote to Chaos* [Un Antídoto para o Caos].

Recorrendo a varios mitos e á relixión, fundamentalmente á relixión cristiá, Jordan Peterson asocia o Caos coa feminidade, e a Orde coa masculinidade. Interpelado ao respecto no *New York Times*, Peterson afirmou que esta representación simbólica “[...] pode ser desafortunada, mais non importa porque así é como está representada. Sempre representouse así. E hai razóns para que sexa así. Non podes cambialo. Non é posible” (cit. en Bowles, 2018, p. 1). Vemos de novo o retorno ás ideas esencialistas que atribúen calidades intrínsecas e diferentes a homes e mulleres, e que nos levan ao establecemento de dous sistemas de valores paralelos e antagónicos. Posto que xa afondei neste aspecto no apartado anterior, quero abordalo agora dende outro prisma, centrándome máis na crítica ás bases que sosteñen o ideario de Peterson en particular.

E é que entre os poucos académicos que se atreven ou ven interese en analizar as dúas obras de Peterson, o tamén canadense e filósofo Paul Thagard estudou e expuxo a falta de sustentación, contradicións e misoxinia que agocha o seu discurso. Sirva de exemplo a asociación que fai Peterson de Orde e Caos coa masculinidade e a feminidade

respectivamente, onde en opinión de Thagard, “Sen xustificación, di que a orde é simbolicamente masculina mentres que o caos é feminino”, e acúsao de “[...] seguir filósofos anti-científicos ao asumir que a experiencia subxectiva nunca pode ser explicada mediante métodos obxectivos” (2018a, p. 1).

O mesmo acontece cando se examina a fondo os mitos nos que se apoia Peterson para defender unha suposta visión global da moral, cun substrato compartido por todas as culturas do planeta. Fronte a isto, Thagard evidencia como tanto no seu primeiro libro *Maps of Meaning* (Peterson, 1999), como no derradeiro, que pretende ser unha versión máis accesible do primeiro, Peterson incorre repetidamente no erro de facer universais certos aspectos que teñen a súa orixe principalmente na relixión cristiá, entendida por el como a base da moral. Deste xeito, obvia o feito de que son numerosos os exemplos de culturas con mitos completamente diferentes e mesmo opostos, ou a existencia de sistemas morais de millóns de persoas ateas, que amosan que “[...] a psicoloxía moral pode funcionar sen fundamentarse na mitoloxía ou na relixión. Que dito funcionamento sexa ou non desexable é unha cuestión filosófica” (Thagard, 2018b, p. 1).

Fronte á afirmación de que “[...] toda a ética Occidental, incluíndo aquela explicitamente formalizada na lei Occidental, está pregoada sobre unha visión mitolóxica do mundo, a cal atribúe especificamente status divino ao individuo” (Peterson, 1999, p. 480), Thagard opón as ideas de grandes filósofos como Kant, Hume, Stuart Mill, todos eles defensores dunha moralidade afastada da relixión, e que non conceden ningún tipo de transcendencia ou carácter divino ao home (Thagard, 2018b, p. 1).

Como ben expresa o filósofo canadense, Peterson adopta unha postura pragmática, segundo a cal “[...] a verdade é o que funciona, así que se o mito funciona á hora de prover á xente dunha razón de ser, entón é verdade” (Thagard, 2018b, p. 1), o cal lle permite realizar propostas como a que analizo no seguinte apartado, escudándose na súa suposta efectividade. O problema desta visión é que non pode explicar por que algunhas crenzas funcionan mellor que outras, “[...] por que os antibióticos son moito mellores curando infeccións que as oracións” (Thagard, 2018b, p. 1).

Polo tanto, o suposto pragmatismo de Peterson carece non só de base científica, senón que mesmo os mitos e relixións nos que se fundamenta non son extensibles ao conxunto da humanidade, o cal os fai irrelevantes e inútiles para servir de base dun sistema moral universal. Do mesmo xeito, a dualidade Caos-Muller / Orde-Home non se apoia máis que en mitos e unha visión da natureza diferenciada da muller que non posúe máis base científica e racional que a visión de Rousseau, incapaz de ver ou de querer ver máis aló e analizar as causas e intereses subxacentes a esta representación das mulleres, afastados do verdadeiro

funcionamento da ciencia: “A ciencia traballa cunha teoría da verdade correspondente: unha crenza é certa se describe o mundo de forma certa” (Thagard, 2018b, p. 1).

Certo é que outros autores desta tendencia esencialista cóidanse máis de envolver a súa mensaxe nunha aparente neutralidade científica. Steven Pinker fai chamados continuamente ao método científico, que consiste en “[...] formular cualquier hipótesis que pueda explicar un fenómeno y descartarlas todas menos la correcta” (2003, p. 513). Non obstante, e pese a admitir, como sinaléi anteriormente, a influencia da sociedade e da educación, non deixa de dar por acadada unha sociedade igualitaria, a pesar de que “las mujeres se enfrentaron a una discriminación generalizada en el pasado, y lo siguen haciendo hoy en algunos sectores” (Steven Pinker, 2003, p. 515). Mais á hora de explicar as diferenzas existentes nestes sectores, o autor outorga máis importancia ás preferencias persoais que á discriminación (2003, p. 518), así como que no mundo empresarial se valoran virtudes tipicamente masculinas (2003, p. 517).

A cuestión principal é que se dá por feito que ditas diferenzas teñen a súa orixe na bioloxía, co cal a mensaxe que se transmite é que as diferenzas, se ben poden ser lamentables e debe loitarse coa discriminación, son inevitables. Os chamados ao método científico afóganse nun mar de naturalización do xénero, cunha ausencia total de análise doutros factores que vaian máis aló da bioloxía, como poden ser a educación e a socialización, e mesmo permitíndose recorrer á mitoloxía para xustificar a desigualdade e a existencia de valores particulares dos sexos. Aparentemente, a necesidade de ter en conta outros factores relevantes, que Steven Pinker ve tan preciso nas ciencias sociais (2003, p. 516), non se aplica no seu caso.

5.3. En defensa do *status quo*

No artigo do *New York Times* ao que me referín en varias ocasións con anterioridade, Peterson fai unha das súas afirmacións que máis controversia causou ata o de agora, de tal xeito que se viu na obriga de matizalo posteriormente no seu blog (Peterson, 2018a, p. 1), que non de retractarse. Interpelado sobre o ocorrido recentemente en Toronto, onde un home atropelou e matou a dez persoas, xustificando a súa acción na rabia e frustración que sentía polo feito de que era un “incel”, involuntariamente célibe (Wilson, 2018, p. 1), Peterson reflexiona sobre como os homes teñen que competir entre eles para conseguir reproducirse, e como ninguén se preocupa por eles: “A metade dos homes fallan”, di, referíndose a que non procrean. “E ninguén se preocupa polos homes que fallan” (Peterson, cit. en Bowles, 2018, p. 1).

Enfrontado a este feito, Peterson defende que a solución sería a monogamia forzosa, matizada despois como unha promoción dende as institucións e a cultura máis que unha

imposición. Entre os motivos desta proposta estaría que nas sociedades máis monógamas redúcense os actos de violencia perpetrados por homes, así como se provería á sociedade e ás mulleres de pais de confianza e fogares máis estables para as crianzas (Peterson, 2018a, p. 1).

Nestas afirmacións atopámonos dous postulados diferenciados: por unha banda, a natureza competitiva e insaciable dos homes, que os leva a loitar entre eles e co resto para satisfacer os seus apetitos. E pola outra banda, a necesidade de que as mulleres estean a disposición dos homes, de tal xeito que cada home teña asegurado o acceso a unha muller.

De forma similar expresaba o seu pensamento Rousseau ao respecto dos beneficios que supuña para un home a súa esposa, de tal forma que “[...] el carácter sosegado en el lado de la mujer siempre traerá a un hombre de vuelta a la razón, a menos que sea absolutamente una bestia, y tarde o temprano triunfará sobre él” (1762/1973, p. 502). Ou Hegel, cando afirmaba que “El matrimonio, y esencialmente la monogamia, es uno de los principios absolutos en los que se basa la eticidad de una comunidad” (1821/1999, p. 287). De novo a muller afable, que neste caso serve de contrapartida ao home ideal, compracéndoo e tolerando mesmo os seus arrebatos violentos.

O enfoque de Peterson carece de novo de calquera aspecto novidoso ou asentado na razón. Enfocando o problema da violencia masculina para acadar unha sociedade máis pacífica, a súa solución pasa por contentar á metade da poboación cubrindo as súas “necesidades” a expensas da outra metade, que en caso contrario, como el mesmo di, optarían polos homes de maior status, ou o que é o mesmo, os homes que consideraran máis acordes cos seus gustos e preferencias (Bowles, 2018, p. 1).

Este mesmo razoamento, que máis que atallar a violencia dos homes busca satisfacela, foi tamén duramente criticado por Mill, que vía no matrimonio “[...] la única clase de sujeción personal que contempla nuestra ley. Ya no quedan más esclavos legales que la señora de cada casa” (1869/2005, p. 202). Na época do autor, prohibido o divorcio en Gran Bretaña, a muller víase atada ao seu marido, sen opción de desvencellarse da súa relación, sen posibilidades de buscar unha opción de parella mellor. Isto é o que a priori resultaría da proposta de Peterson, sexa impulsada ou imposta a monogamia, basicamente un retroceso ao século XIX, na liña do argumentado por Proudhon (1875/1892).

De novo observamos como a partir dunha suposta observación e análise da realidade, isto é: “os homes son violentos e a monogamia pode reducir a súa violencia”, o psicólogo evita entrar na causa de dita violencia, que os leva a actuar dese xeito e como se podería atallar este feito, propoñendo en cambio unha medida que, aínda que asumiramos que reduciría a violencia, o faría á costa de subordinar á metade da poboación á outra metade, e cuxos únicos

beneficiarios serían esos mesmos que a día de hoxe supoñen un perigo para a sociedade. Pragmatismo na súa manifestación máis pura, tal e como sinala Thagard (2018b).

De forma semellante opina Steven Pinker cando trata o que para el é outro dos temas que dende o feminismo se están a enfocar mal, a violación. Segundo o seu parecer, a visión da violación como unha mostra de poder dos homes sobre das mulleres ignora que se trata tamén dunha cuestión sexual, que algúns homes malos empregan para ter sexo (2003).

A idea da violación como ferramenta patriarcal para espallar o medo e dominar ás mulleres carece de sentido común porque os violadores “arríscanse a resultar feridos”, “suele ser un don nadie y un perdedor”, “los hombres tienen madre, hijas y hermanas” (Steven Pinker, 2003, pp. 527-528), e toda unha serie de lugares comúns sen sustento científico de ningunha clase. De feito, mesmo a principal investigación na que se apoia, apunta que a causa da violación non é meramente o desexo de sexo, na liña do feminismo radical ao cal critica veladamente (Steven Pinker, 2003). E o mesmo lle acontece cando expón que a violación sería un mecanismo último para reproducirse, para máis adiante ter que admitir que tan só un 5% das violacións rematan en embarazos (Steven Pinker, 2003).

A pesar de incorrer en tales contradicións, e mesmo empregar estudos que non só non apoian a súa visión senón que mesmo a deixan coxa, non dubida en afirmar que “las motivaciones últimas del violador son irrelevantes” (Steven Pinker, 2003, p. 529). De novo outro autor que decide ignorar a posible orixe dun fenómeno, optando por regular o que fan algúns homes malos, en troques de afondar en porque os homes violan e como atallalo, ao tempo que idealiza e eloxia certas sociedades conservadoras e avoga polo fortalecemento da estrutura represiva do Estado (2003).

Estes dous exemplos, sumados ao caso da educación que presentei no primeiro apartado, serven de exemplo da visión da sociedade que se atopa tras os escritos destes autores, que é a dun conservadorismo social que rexeita as intervencións en materia social e educativa (Lakoff, 2016), mais que non dubida á hora de subordinar de novo as mulleres aos seus maridos, con tal de non cuestionar os comportamentos e os valores dos homes e a súa orixe. A idea subxacente a este rexeitamento a unha intervención directa na sociedade non é outra que o mantemento do actual sistema socioeconómico, ficando as súas propostas en temas como a violación no ámbito penal.

5.4. Psicoloxía e neoliberalismo

Ao longo do que levo de traballo plasmei algúns dos aspectos máis destacados da visión da muller que se está a defender e propagar por parte de certos intelectuais. Como quedou claro ao longo da exposición, existen grandes similitudes entre o discurso sostido polos defensores

da diferenza e a visión da muller que plasmou Rousseau na súa obra *Emilio*. Non obstante, e se ben podemos concluír que a mensaxe ten o mesmo fondo, a forma de expresala é distinta.

Abundan nos textos de Rousseau as recomendacións dirixidas ao “confinamiento”, “la supresión de sus caprichos” (1762/1973, p. 500), concluíndo que as mulleres “tienen, o deben tener, poca libertad” (1762/1973, p. 502). Os misóxinos ilustrados e posteriores tiñan poucos reparos á hora de recomendar que a educación das mulleres debía formalas para servir ao home como esposas e nais, de tal forma que se evitaran desvíos da súa natureza, que serían en todo caso prexudiciais para elas.

A actual mensaxe que transmiten intelectuais e políticos pertencentes á *resistencia técnica*, tal e como a da en denominar Rosa Cobo (2011), dista moito do carácter abertamente coercitivo dos tempos da Ilustración. Tal e como exemplifican os voceiros seleccionados, cuestionan a idoneidade e efectividade das políticas de igualdade; defenden a existencia de diferenzas naturais entre homes e mulleres que van máis aló do concepto de xénero; defenden a liberdade individual e o libre contrato, nun contexto de igualdade de oportunidades que dan por conquistada (Steven Pinker, 2003; Susan Pinker, 2009).

Este último punto é unha das principais novidades que posúe o discurso neoliberal, defensor da desigualdade: mentres que por unha banda se xustifican as desigualdades aducindo a diferenzas naturais, pola outra as decisións que toman as mulleres enmárcanse nun contexto de igualdade formal. Deste xeito, que as mulleres escollan estudos e profesións tipicamente femininas, ou que sexan as principais coidadoras nas familias, semella unha decisión libre, podendo optar ao éxito se loitaran por acadalo (Gill, 2016,; Ringrose, 2007). De aí a continua insistencia en que nos países nórdicos as mulleres continúan a actuar deste xeito, a pesar das políticas de igualdade desenvolvidas, o cal supón unha proba da naturalidade de certos comportamentos e preferencias para os defensores da diferenza (Susan Pinker, 2009).

Esta posición serve de contrapunto e xustificación á situación actual das mulleres na maior parte dos estados occidentais. Fronte aos éxitos de vindicacións feministas como pode ser a do acceso ao emprego, o modelo neoliberal responde re-significando á muller nova “como un ensamblaje altamente eficiente para la productividad” (McRobbie, 2007, p. 723). O discurso dominante dirixido ás mulleres pasou de condenalas ao fogar, a enxalzas como emprendedoras.

Non obstante, moitas veces este discurso vén acompañado da presuposición dunha conciencia de xénero nestas mulleres, nunha sorte de discurso posfeminista que, amparándose na aparente igualdade de oportunidades que outorgan certas políticas, anima ás mulleres cara á autosuficiencia e ao autoempoderamento (McRobbie, 2007; Gill, 2016).

Isto exemplifícao á perfección Susan Pinker, cando tras salientar as situacións de abuso que sofren as mulleres noutros países do mundo, onde se lles obriga a “[...] traballar, a prostituírse o a casarse cuando aún son adolescentes”, pregúntase “¿Cúal es el problema en las democracias occidentales? ¿Por qué no están de celebración?” (2009, p. 28).

En *Top Girls* (2007), McRobbie expón como ao tempo que se produce esta aparente emancipación das mulleres novas, préstase cada vez máis atención ao corpo feminino, á imaxe que se presenta, de tal forma que se instaura a “mascarada posfeminista”, isto é, a representación por parte das mulleres de estereotipos femininos amparándose na libre elección, que non sería máis que un mecanismo que reforza as xerarquías de xénero, buscando non disturbar aos homes no competitivo mundo neoliberal:

La mascarada posfeminista es una estrategia de complicidad que enfatiza su estatus no coercitivo, es un disfraz de la feminidad altamente estilizado, ahora adoptado como elección personal. [...] son maneras de enfatizar [...] la vulnerabilidad, fragilidad e incertidumbre de las mujeres y el "deseo de ser deseada" de las niñas (McRobbie, 2007, p. 725).

As mulleres continúan a recibir mensaxes contraditorias á través da súa educación e socialización, que continúa a enxalzar o rol tradicional da muller de nai e esposa, ao tempo que dende os medios se proxecta o feito de ser feminista como algo “cool” e á moda (Gill, 2016), dotando de importancia aspectos como o acceso ao emprego, mais deixando de lado cuestións máis profundas como é a devaluación dos labores feminizados (England, 2010).

Esta situación dicotómica reproducése no proposta do actual sistema educativo e o seu funcionamento como afianzador da fenda de xénero. O modelo de escola mixta, presente na maior parte dos sistemas educativos públicos dos estados occidentais, parte da premisa de igualdade de trato e oportunidades para alumnas e alumnos. Non obstante, nos últimos anos non deixou de medrar a preocupación polo fracaso escolar nos varóns, mentres que se destaca como son as mulleres as que acadan mellores cualificacións (Ringrose, 2007). A propia Susan Pinker sostén que os homes están por iso en desvantaxe respecto ás mulleres, e que polo tanto os motivos do seu menor éxito económico e profesional fronte ao de eles atópase nas súas motivacións innatas, que as leva a ter máis interese polas persoas e marcar unha diferenza que polo prestixio e o salario (2009).

Mais no que non afonda a psicóloga canadense é no que se atopa detrás deste aparente éxito das mulleres no sistema educativo, a posible relación coa súa socialización de xénero. Tal e como está implantado, o sistema educativo premia a “conformidade coas convencións gráficas, lingüísticas ou matemáticas; pero conformidade tamén coas normas morais, en relación cos outros e coas tarefas propostas” (Iglesias e Ballarín, 2013, p. 72). Convén

recordar aquí como os ilustrados, o mesmo que Peterson, consideraban que entre as calidades consideradas innatas e que se debían promover na educación das mulleres está a conformidade, e como se lles asignan como caracteres naturais o feito de ser compracentes e escrupulosas. Como indican Iglesias e Ballarín, “[...] estes requirimentos ilustran á perfección as competencias do traballo doméstico e de coidados, desenvolvidas fundamentalmente polas mulleres ao longo da historia” (2013, p. 72).

Deste xeito, atopámonos cun panorama que non augura máis que dificultades para as mulleres, nun sistema neoliberal igualitario na aparencia e patriarcal no funcionamento: obteñen maior rédito académico, mais isto non se reflicte no seu acceso ao mercado laboral, e toda vez que acceden a este, o medo a ser vistas como unha ameaza propicia a reprodución de estereotipos de xénero, ou atopan maiores obstáculos para avanzar. Ao mesmo tempo, o sistema educativo, no cal sobresaen por enriba dos seus compañeiros varóns, non as prepara para un mundo creado á medida dos homes e baseado na competitividade.

É chegados a este punto cando o discurso da re-naturalización do xénero cobra verdadeiro sentido para o neoliberalismo. A súa mensaxe non vai dirixida só aos homes e á recuperación dos valores da masculinidade, senón que tamén garda o seu papel para as mulleres. Nun escenario tan pesimista, a naturalización do xénero sírvelle ao sistema para xustificar a existencia de desigualdade entre mulleres e homes. E por outra banda, aporta ás mulleres un forma de actuar, que tal e como explica McRobbie (2007), aparentemente serve para sobrepoñerse ás barreiras impostas polo sistema patriarcal, ao tempo que subrepticamente se asume e revaloriza a suposta diferenza, mantendo a xerarquía de xénero.

O que estes expertos psicólogos pretenden transmitir ás mulleres é que debido ás súas características innatas, reflectidas pola súa maior puntuación que os homes en responsabilidade e amabilidade nos cuestionarios dos Big Five, están encamiñadas a ocupar postos subordinados e de menor remuneración no mundo neoliberal actual, que premia a extraversión e a competitividade, calidades propias dos homes (Susan Pinker, 2009). A fenda salarial, que tanto negan como recoñecen con matices (Steven Pinker, 2003), estaría causada por ditas trazas de personalidade, non por causas discriminatorias (Peterson, 2018b). Así mesmo, que sexan homes os que ocupen maioritariamente postos de responsabilidade sería, por unha banda, a causa da súa maior capacitación: “A xente que sostén que a nosa cultura é un patriarcado opresivo, non quere admitir que a actual xerarquización podería estar sustentada na competencia” (Peterson, cit. en Bowles, 2018, p. 1), e por outra banda, a causa da hipótese da variabilidade (Shields, 1975), segundo a cal os homes terían maior tendencia a posuír características físicas e psicolóxicas extremas (Steven Pinker, 2003; Susan Pinker, 2009).

Polo tanto, que mellor camiño para a felicidade, ou evitar o sufrimento deste mundo, que abrazar ditas calidades esenciais e deixarse levar? O matrimonio e a maternidade preséntanse deste xeito como unha alternativa sensata a un mundo inhóspito para as mulleres, no cal non encaixan polas súas características (Susan Pinker, 2009). Desta forma preténdese amosar que non se trata só de contentar aos homes, senón que é polo propio ben das mulleres que estes valores deben ser fomentados. Empregando as palabras de Rousseau, que ben poderían poñerse actualizadas en boca de calquera dos defensores da re-naturalización do xénero : “En la medida que fracasemos en recurrir a este principio [a muller como cuidadora] nos alejamos del objetivo y todos los preceptos que se les den no contribuirán a su felicidad ni a la nuestra” (Rousseau, 1762/1973, p. 494).

En definitiva, o discurso de certas elites intelectuais que defenden a existencia de diferencias naturais entre mulleres e homes que predeterminan que opten por camiños diferentes, serve ao sistema neoliberal como mecanismo de desactivación das reivindicacións feministas en tanto que ofrece unha explicación presentada como científica para a existencia da desigualdade, ao tempo que oferta unha opción de vida para as mulleres que, a maiores de natural, preséntase como máis satisfactoria, que é o matrimonio e a maternidade.

6. Reflexións finais

Ao longo deste traballo procurei achegarme ao pensamento misóxino mediante a análise e comparación de algunhas das súas manifestacións intelectuais máis relevantes dos últimos tres séculos. As semellanzas observadas entre a Ilustración, ao período romántico e a actualidade fan máis que patente a existencia dun vínculo entre o avance das reivindicacións de igualdade das mulleres e a articulación dunha resposta de carácter patriarcal que busca manter a posición subordinada das mulleres, e que evoluciona e tende alianzas para adaptarse ao momento e ás respostas que se xeran dende sectores críticos.

A actual reacción patriarcal, que se leva desenvolvendo durante as últimas tres décadas a raíz do desafío proposto polo feminismo nos anos 70-80 do século pasado (Cobo, 2011), está nun momento de apoxeo, como pon en evidencia o triunfo en cada vez máis países occidentais de forzas políticas cunha ideoloxía manifestamente machista, misóxina e antifeminista. Véxanse o caso de Hungría e Polonia en Europa, Donald Trump nos Estados Unidos ou Bolsonaro no Brasil. O cuestionamento do dereito ao aborto, da violencia de xénero así como os ataques ao feminismo son os sinais de identidade destas forzas políticas conservadoras que veñen de recibir apoios electorais e sociais masivos.

O auge das ideoloxías conservadoras en Occidente transcorre de forma paralela á globalización neoliberal, que atopa no discurso da meritocracia e da desigualdade natural un apoio perfecto para as súas políticas económicas e de atomización da sociedade en individuos illados. Non é casualidade que o triunfo destas organizacións nos seus respectivos estados adoite vir acompañada da implantación de medidas económicas de carácter privatizador e dun empeoramento das condicións laborais, que afectan de forma significativa aos sectores máis vulnerables, entre os cales están de novo as mulleres, moeda de cambio da alianza entre patriarcado e capitalismo.

Outro síntoma desta reacción, e se cadra o máis visible e pedra angular das reivindicacións do que está a ser considerada a Cuarta Onda Feminista, é a violencia contra as mulleres. Os “novos bárbaros do patriarcado” (Cobo, 2011, p. 16) non se limitan xa a exercer a violencia contra as súas parellas. Tal e como indica Rosa Cobo, “ciertos varones agreden o asesinan a mujeres sin conocerlas, simplemente por el hecho de ser mujeres. [...] Son agresiones y asesinatos funcionales para los sectores más duros e intolerantes del patriarcado” (2011, p. 17). O caso dos ataques “incel”, como o de Toronto no 2018 ou de Isla Vista en California, serven de mostra da existencia de ideoloxías que se sustentan na subordinación das mulleres ós homes, así como da existencia dun resentimento e unha frustración compartida por toda unha comunidade de homes en Internet que celebran masacres como esta (Dignam e Rohlinger, 2019, p. 592; Zimmerman, Ryan e Duriesmith, 2018, p. 1).

Mais hai certas figuras cruciais que están a pasar desapercibidas, parcialmente ocultas por todos estes eventos que atraen a atención pola súa inmediatez e perigosidade, e que polo tanto rara vez atopan unha resposta ou análise crítico que vaia máis aló de cualificalos de fascistas ou machistas, un mero fenómeno viral. O discurso esgrimido por persoeiros como os que analizo neste traballo ten máis importancia da que se lle adoita dar dende os círculos académicos, xa que a pesar de carecer dunha base científica sólida, como amoso ao longo do traballo, son capaces de cubrir os seus postulados ideolóxicos dun halo de certeza e infalibilidade que serve para reforzar as ideas e estereotipos subxacentes arredor das mulleres, aportando unha estrutura (van Dijk, 1996, p. 27) á ideoloxía que xustifica a desigualdade e a discriminación, vestíndoa de meritocracia e natureza.

Sería un erro subestimar a estes personaxes tomándoos como un mero fenómeno virtual ou académicos extravagantes. A súa capacidade de influír en millóns de persoas e aportar unha base intelectual para as propostas políticas da dereita en materia de xénero sitúaos nunha posición crucial para chegar a comprender como estás forzas políticas son capaces de atraer o apoio dos homes recorrendo a un discurso misóxico que busca darlle a volta ás conquistas do movemento feminista (Romano, 2016). O movemento incel, cos seus ataques terroristas

indiscriminados, os seus lazos coa denominada “alt-right” (dereita alternativa) (Dignam e Rohlinger, 2019; Saresma, 2018,) ou o papel de guía espiritual que lle outorgan a Jordan Peterson, son datos que amosan a influencia que o discurso manexado por estes intelectuais ten nun extenso grupo de homes que ven perigar os seus privilexios fronte ao avance das vindicacións feministas (Williams, 2018).

A súa capacidade de chegada a un público amplo e ansioso por reforzar os estereotipos de xénero interiorizados, a posición que ocupan na xerarquía social e intelectual como expertos nos seus campos, así como a súa capacidade de presentar vellos prexuízos como *coñecemento* (van Dijk, 2006) convérteos en importantes axentes do discurso da desigualdade e da renaturalización do xénero.

Así, os argumentos esgrimidos por estes supostos defensores da liberdade e da igualdade de oportunidades serven de base teórica para os novos bárbaros, ao tempo que realizan a función de ser a cara visible e máis moderada dunhas propostas que, de analizalas como fixemos neste traballo, encaixarían perfectamente no século XVIII. A visión da muller e o seu papel na sociedade destes esencialistas, que se identifican así mesmos como liberais, non sobrevive á comparación coas ideas misóxinas defendidas dende a Ilustración, e ambos os dous teñen o mesmo obxectivo: xustificar e manter un sistema de desigualdade que sitúa ás mulleres nunha posición subalterna ao tempo que glorifica unha liberdade e igualdade que só se aplica a uns poucos, homes todos eles. Baixo o seu autoproclamado liberalismo, atópanse posturas claramente “libertarias” de base conservadora (Lakoff, 2016). En palabras de Bernard Schiff, antigo colega de Jordan Peterson: “Jordan está loitando para manter o status quo, para manter ao caos a raia, ou iso cree. Non é un loitador pola liberdade de expresión. É un loitador pola orde social” (2018, p. 1).

Considero fundamental combater dende o ámbito académico estes vellos prexuízos disfrazados de coñecemento científico, mais levando á palestra pública as falacias nas cales se fundamenta o discurso da diferenza entre os sexos, de forma semellante ao que recentemente fixo o filósofo esloveno Slavoj Žižek ao confrontar nun debate público sobre capitalismo a Jordan Peterson, e expor a fraqueza das súas teses. Se o debate se queda na discusión dentro da academia, non só se estará a facer de costas á sociedade, senón que estará colaborando co espallamento desta mensaxe pseudo-científica sen oposición.

Do mesmo xeito, é de vital importancia que os homes conscientes da influencia deste discurso na sociedade, e co coñecemento e capacidade de rebater estas ideas, dean un paso a fronte. A ausencia de referentes masculinos que dean a resposta a estes pensadores pode transmitir a idea de que existe un consenso entre os varóns arredor destas ideas, e facilita a interiorización deste discurso nunha ampla porcentaxe de homes que non só están

maioritariamente inclinados cara a el simplemente pola socialización e educación que teñen recibido, senón que carecen de exemplos masculinos que rompan con está mensaxe, alén dalgúns “puntos de fuga”.

A realización deste traballo permitíume ser consciente de ata que punto se atopa arraigada a misoxinia na nosa sociedade e nos seus referentes históricos, referentes que non por iso perden a súa validez por completo, mais que é preciso coñecer en todas as súas facetas se non queremos caer de novo ante os mesmos argumentos que están a espallar a día de hoxe unha visión esencialista e misóxina da muller. Neste senso, considero de especial interese afondar na organización e funcionamento das comunidades de homes en liña, eses lugares nos cales a misoxinia campa ás súas anchas, así como na influencia que estes grupos teñen no devir político e social. Agardo poder continuar cos meus estudos nesta temática e poder aportar, se cadra, un chisco máis de coñecemento que axude a explicar os mecanismos de reprodución deste pensamento, así como combatelo publicamente de cara a unha sociedade libre desta lacra.

7. Referencias bibliográficas

- (2011) Sagrada Biblia [Versión oficial de la Conferencia Episcopal Española]. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos
- Allard, K., Haas, L., e Hwang, C. P. (2011). Family-supportive organizational culture and fathers' experiences of work–family conflict in Sweden. *Gender, Work & Organization*, 18(2), 141-157. DOI: 10.1111/j.1468-0432.2010.00540.x
- Amorós, C. (1990). El feminismo: senda no transitada de la Ilustración. *Isegoría*, (1), 151-160.
- Amorós, C. (1993). Presentación. En *De la Educación de las damas* (pp. 7-31). Madrid: Ediciones Cátedra.
- Amorós, C., e Cobo, R. (2005). Feminismo e ilustración. En Amorós, C., e De Miguel, A. (Eds), *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización* (pp. 91-144). Madrid: Editorial Minerva.
- Barry, E. (27 de marzo de 2018). Desaprender el género desde preschool. *The New York Times*. Recuperado de: <https://www.nytimes.com/es/2018/03/27/suecia-educacion-temprana-genero/>
- Bosch, E., Ferrer, V., e Gili, M. (1999). *Historia de la misoginia*. Barcelona: Anthropos Editorial.
- Bowles, N. (2018, 18 de maio). Jordan Peterson, Custodian of the Patriarchy. *The New York Times*. Recuperado de: <https://www.nytimes.com/2018/05/18/style/jordan-peterson-12-rules-for-life.html>
- Cobo, R. (1996). Sociedad, democracia y patriarcado en Jean Jacques Rousseau. *Papers: revista de sociología*, (50), 265-280.
- Cobo, R. (2011). *Hacia una nueva política sexual: las mujeres ante la reacción patriarcal*. Madrid: Los libros de la Catarata.
- Costa Jr, P. T., Terracciano, A., e McCrae, R. R. (2001). Gender differences in personality traits across cultures: robust and surprising findings. *Journal of personality and social psychology*, 81(2), 322-331. DOI: 10.1037//0022-3514.81.2.322
- Crompton, R., e Lyonette, C. (2005). The new gender essentialism – domestic and family 'choices' and their relation to attitudes 1. *British journal of sociology*, 56(4), 601-620. DOI: 10.1111/j.1468-4446.2005.00085.x

- Dar-Nimrod, I., e Heine, S. J. (2011). Genetic essentialism: on the deceptive determinism of DNA. *Psychological bulletin*, 137(5), 800-818. DOI: 10.1037/a0021860
- de la Barre, P. (1673). *De la igualdad de los dos sexos*. [1984]. Paris: Fayard.
- de la Barre, P. (1674). *De la educación de las Damas*. [1993]. Madrid: Ediciones Cátedra.
- de Miguel, A. (2005). Prólogo. En *El sometimiento de las mujeres* (pp. 9-53). Madrid: Edaf.
- Dewsbury, D. A. (2005). The Darwin-Bateman paradigm in historical context. *Integrative and Comparative Biology*, 45(5), 831-837. DOI: 10.1093/icb/45.5.831
- Dignam, P. A., e Rohlinger, D. A. (2019). Misogynistic Men Online: How the Red Pill Helped Elect Trump. *Signs: Journal of Women in Culture and Society*, 44(3), 589-612. DOI: 10.1086/701155
- Ellis, H. (1894). *Man and Woman: a Study of Human Secondary Sexual Characters*. Londres: Walter Scott . Recuperado de: <https://archive.org/details/manandwomanastu00elligoog/page/n7>
- Else-Quest, N. M., Hyde, J. S., Goldsmith, H. H., e Van Hulle, C. A. (2006). Gender differences in temperament: a meta-analysis. *Psychological bulletin*, 132(1), 33-72. DOI: 0.1037/0033-2909.132.1.33.
- England, P. (2010). The gender revolution: Uneven and stalled. *Gender & society*, 24(2), 149-166. DOI: 10.1177/0891243210361475
- Errázuriz, P. (2012). *Misoginia romántica, psicoanálisis y subjetividad femenina*. Universidad de Zaragoza.
- Ferrer, V., & Bosch, E. (2000). Violencia de género y misoginia: reflexiones psicosociales sobre un posible factor explicativo. *Papeles del psicólogo*, (75), 13-19.
- Gill, R. (2016). Post-postfeminism?: New feminist visibilities in postfeminist times. *Feminist media studies*, 16(4), 610-630. DOI: 10.1080/14680777.2016.1193293
- Goldberg, L. R. (1990). An alternative" description of personality": the big-five factor structure. *Journal of personality and social psychology*, 59(6), 1216-1229. DOI: 10.1037/0022-3514.59.6.1216
- Haavind, H., e Magnusson, E. (2005). The Nordic Countries-Welfare Paradises for Women and Children?. *Feminism & Psychology*, 15(2), 227-235. DOI: 10.1177/0959-353505051730

- Hall, L. (2004). Hauling down the double standard: feminism, social purity and sexual science in late nineteenth-century Britain. *Gender & History*, 16(1), 36-56. DOI: 10.1111/j.0953-5233.2004.325_1.x
- Haslam, N., Rothschild, L., e Ernst, D. (2000). Essentialist beliefs about social categories. *British Journal of Social Psychology*, 39(1), 113-127. DOI: 10.1348/014466600164363
- Hegel, G. W. F. (1821). *Principios de la Filosofía del Derecho* [1999]. Barcelona: Edhasa.
- Hickinbottom-Brawn, S. (2013). Brand “you”: The emergence of social anxiety disorder in the age of enterprise. *Theory & Psychology*, 23(6), 732-751. DOI: 10.1177/0959354313500579
- Hyde, J. S. (1981). How large are cognitive gender differences? A meta-analysis using w^2 and d . *American Psychologist*, 36(8), 892-901. DOI: 10.1037/0003-066X.36.8.892
- Hyde, J. S., e Linn, M. C. (1988). Gender differences in verbal ability: A meta-analysis. *Psychological bulletin*, 104(1), 53-69.
- Hyde, J. S., Fennema, E., e Lamon, S. J. (1990). Gender differences in mathematics performance: A meta-analysis. *Psychological bulletin*, 107(2), 139-155. DOI: 10.1037/0033-2909.107.2.139
- Hyde, J. S. (2005). The gender similarities hypothesis. *American psychologist*, 60(6), 581-592. DOI: 10.1037/0003-066X.60.6.581
- Horwitz, A. V. (2002). *Creating mental illness*. Chicago: University of Chicago Press.
- Iglesias, A., e Ballarín, P. (2013). O mito do “éxito” escolar das rapazas. *Sarmiento*, (17), 67-82.
- Jaffee, S., e Hyde, J. S. (2000). Gender differences in moral orientation: a meta-analysis. *Psychological bulletin*, 126(5), 703-726. DOI: 10.1037/T033-2909.126.5.703
- Johansson, T. (2011). Fatherhood in transition: Paternity leave and changing masculinities. *Journal of family communication*, 11(3), 165-180. DOI: 10.1080/15267431.2011.561137
- Kant, I. (1784). *¿Qué es la Ilustración? Y otros escritos de ética, política y filosofía de la historia*. [2013]. Madrid: Alianza Editorial.
- Kling, K. C., Hyde, J. S., Showers, C. J., e Buswell, B. N. (1999). Gender differences in self-esteem: A meta-analysis. *Psychological bulletin*, 125(4), 470-500. DOI: 10.1037/0033-2909.125.4.470

- Lakoff, G. (2016). *Política moral. Como piensan progresistas y conservadores*. Madrid: Capitán Swing
- Madrid, M. (1999). *La misoginia en Grecia*. Madrid: Ediciones Cátedra.
- McRobbie, A. (2007). Top girls? Young women and the post-feminist sexual contract. *Cultural studies*, 21(4-5), 718-737. DOI: 10.1080/09502380701279044
- Mellor, A. K. (1982). Blake's Portrayal of Women. *Blake: An Illustrated Quarterly*, 16(3), 148-155.
- Mill, J. S. (1869). *El sometimiento de las mujeres*. [2005]. Madrid: Edaf.
- Nussbaum, M. (1999). *Sex and Social Justice*. New York: Oxford University Press.
- Oliver, M. B., e Hyde, J. S. (1993). Gender differences in sexuality: a meta-analysis. *Psychological bulletin*, 114(1), 29-51. DOI: 10.1037/0033-2909.114.1.29
- Ornelas, J. (2009). Neoliberalismo y capitalismo académico. En Gentili, P., Frigotto, G., Leher, R., e Stubrin, F. (Comp.). *Políticas de privatización, espacio público y educación en América Latina*. (pp. 83-119). Ciudad de Buenos Aires: CLACSO.
- Ortega, M. (1988). La educación de la mujer en la Ilustración española. *Simposium Internacional sobre Educación e Ilustración: dos siglos de reformas en la enseñanza: ponencias*, 24, 193-222.
- Peterson, J. B. (1999). *Maps of Meaning: The Architecture of Belief*. Hove: Psychology Press.
- Peterson, J. B. (8 de noviembre de 2016) Jordan Peterson: The right to be politically incorrect. *National Post*. Recuperado de: <https://nationalpost.com/opinion/jordan-peterson-the-right-to-be-politically-incorrect>
- Peterson, J. B. (2018). *12 Rules for Life: An Antidote to Chaos*. Toronto: Random House Canada.
- Peterson, J. B. (8 de xuño de 2018a). On the New York Times and "Enforced Monogamy". [Entrada en blog]. Dr. Jordan B. Peterson's Blog. Recuperado de: <https://jordanbpeterson.com/media/on-the-new-york-times-and-enforced-monogamy/>
- Peterson, J. B. (8 de decembro de 2018b). The Gender Scandal: Part one (Scandinavia) and Part Two (Canada). [Entrada en blog]. Dr. Jordan B. Peterson's Blog. Recuperado de: <https://jordanbpeterson.com/political-correctness/the-gender-scandal-part-one-scandinavia-and-part-two-canada/>

- Pinker, S. [Steven]. (2003). *La tabla rasa. La negación moderna de la naturaleza humana*. Barcelona: Paidós.
- Pinker, S. [Susan]. (2009). *La paradoja sexual: de mujeres, hombres y la verdadera frontera del género*. Barcelona: Paidós.
- Proudhon, J. P. (1875). *Pornocracia, o las mujeres en los tiempos modernos* [1892]. Barcelona: La Enciclopédica.
- Ringrose, J. (2007). Successful girls? Complicating post-feminist, neoliberal discourses of educational achievement and gender equality. *Gender and education*, 19(4), 471-489. DOI: 10.1080/09540250701442666
- Romano, A. (14 de diciembre de 2016). How the alt-right's sexism lures men into white supremacy. *Vox*. Recuperado de: <https://www.vox.com/culture/2016/12/14/13576192/alt-right-sexism-recruitment>
- Rousseau, J.J. (1762). *Emilio o De la Educación*. [1973]. Barcelona: Bruguera.
- Rousseau, J.J. (1762). *El Contrato Social*. [2007]. Madrid: Espasa Calpe.
- Sánchez, A. (2004). *La ciencia y el sexo*. Mexico D.F: Dirección General de Divulgación de la Ciencia, UNAM.
- Saresma, T. (2018). Gender populism : three cases of Finns party actors' traditionalist anti-feminism. In U. Kovala, E. Palonen, M. Ruotsalainen, e T. Saresma (Eds.), *Populism on the loose* (pp. 177-200). Nykykulttuurin tutkimuskeskuksen julkaisuja, 122. Jyväskylä, Finland: Jyväskylän yliopisto.
- Schiff, B. (25 de maio de 2018) I was Jordan Peterson's strongest supporter. Now I think he's dangerous. *The Star*. Recuperado de: <https://www.thestar.com/opinion/2018/05/25/i-was-jordan-petersons-strongest-supporter-now-i-think-hes-dangerous.html>
- Schopenhauer, A. (1851). *Eudemología, Parerga y Paralipómena, aforismos sobre la sabiduría de la vida; seguidos de Pensamientos escogidos*. [1961]. Madrid: Ediciones Ibéricas.
- Shields, S. A. (1975). Functionalism, Darwinism, and the psychology of women. *American Psychologist*, 30(7), 739-754. DOI: 10.1037/h0076948
- Shields, S. A., e Bhatia, S. (2009). Darwin on race, gender, and culture. *American Psychologist*, 64(2), 111-119. DOI: 10.1037/a0013502

- Sommers, C. H. (1995). *Who stole feminism?: How women have betrayed women*. New York: Simon and Schuster.
- Sugarman, J. (2015). Neoliberalism and psychological ethics. *Journal of Theoretical and Philosophical Psychology*, 35(2), 103-116. DOI: 10.1037/a0038960
- Thagard, P. (2018a, 14 de febrero). Jordan Peterson's Flimsy Philosophy of Life. *Psychology Today*. Recuperado de: <https://www.psychologytoday.com/us/blog/hot-thought/201802/jordan-peterson-s-flimsy-philosophy-life>
- Thagard, P. (2018b, 12 de marzo). Jordan Peterson's Murky Maps of Meaning. *Psychology Today*. Recuperado de: <https://www.psychologytoday.com/us/blog/hot-thought/201803/jordan-petersons-murky-maps-meaning>
- Valcárcel, A. (1993). Misoginia romántica: Hegel, Schopenhauer, Kierkegaard, Nietzsche. En Puleo, A. (coord.), *La filosofía contemporánea desde una perspectiva no androcéntrica* (pp. 13-32). Secretaría General de Educación y Formación Profesional.
- van Dijk, T. A. (1996). Análisis del discurso ideológico. *Versión*, 6(10), 15-42.
- van Dijk, T. A. (2000). New (s) racism: A discourse analytical approach. *Ethnic minorities and the media*, 37, 33-49.
- van Dijk, T. A. (2001) "Critical discourse analysis". En Deborah Schiffrin, Deborah Tannen e Heidi E. Hamilton (eds), *The handbook of discourse analysis*, pp. 352-371. Oxford: Blackwell Publishing.
- van Dijk, T. A. (2006). Discourse and manipulation. *Discourse & Society*, 17(3), 359-383. DOI: 10.1177/0957926506060250
- Varela, J. (1988). La educación ilustrada o como fabricar sujetos dóciles y útiles. *Revista de educación*, 245-274.
- Wollstonecraft, M. (1792). *Vindicación de los derechos de la mujer* [2005]. Madrid: Ediciones Cátedra.
- Williams, Z. (25 de abril de 2018). 'Raw hatred': why the 'incel' movement targets and terrorizes women. *TheGuardian*. Recuperado de: <https://www.theguardian.com/world/2018/apr/25/raw-hatred-why-incel-movement-targets-terrorises-women>
- Wilson, J. (25 de abril de 2018). El autor de la matanza de Toronto está vinculado a una misteriosa subcultura que desprecia a las mujeres. *Eldiario.es*. Recuperado de: https://www.eldiario.es/theguardian/Toronto-misteriosa-subcultura-machismo_0_764674285.html

- Xu, G., Strathearn, L., Liu, B., Yang, B., e Bao, W. (2018). Twenty-year trends in diagnosed attention-deficit/hyperactivity disorder among US children and adolescents, 1997-2016. *JAMA Network Open*, 1(4), 1-9. e181471. DOI: 10.1001/jamanetworkopen.2018.1471
- Zimmerman, S., Ryan, L., e Duriesmith, D. (2018). Recognizing the Violent Extremist Ideology of 'Incels'. *WIIS policy brief* September 2018. Recuperado de: <https://www.wiisglobal.org/wp-content/uploads/2018/09/Policybrief-Violent-Extremists-Incels.pdf>